

GUÍA METODOLÓGICA DE

Participacion

DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL



EUROPEAN ANTI POVERTY NETWORK **ES**



Guia metodoloxica de

Participación

das persoas en situación de pobreza e exclusión social



EUROPEAN ANTI POVERTY NETWORK

ES

Edita:

EAPN ESPAÑA

C/ Ahijones, s/n

28018 Madrid

Teléfono/Fax: +34 91 786 04 11

www.eapn.es



Indice

Presentación	6
Introducción	7
1. ALGÚNS PUNTOS DE PARTIDA	11
A. Pobreza, exclusión e inclusión	13
B. Breve glosario sobre participación social	16
C. A que chamamos participación nas organizacións?.....	24
D. Que factores inflúen en que as persoas participen socialmente?	32
2. XERANDO CONDICIÓNS NUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL	
DUN GRUPO DE PERSONAS	42
A. Visualizar a identificación: que cuestións se comparten?	44
B. Aumentar a consciencia.	47
C. Identificar obxectivos e estratexias comúns, innovando nas respostas	59
D. Traballando en procesos sostíbles	64
3. O PAPEL DAS ORGANIZACIÓNS NA PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS	
EN RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN	69
A. Organizacións educadoras de valores democráticos.....	70
B. Que traballan en rede para influír nas políticas.....	73
Resumo. Lembrando o proceso	76
Bibliografía e documentación citada	84
TÁBOAS E ILUSTRACIÓNS	89



Esta Guía é un produto colectivo do proxecto Guía Metodolóxica de Participación de Persoas en Situación de Pobreza e Exclusión Social, co financiamento do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

No Grupo de traballo que o elaborou, participaron nun momento ou noutro representantes das entidades e redes de EAPN ES e, especialmente, do Grupo de Traballo de Participación.

Este grupo foi dinamizado e coordinado por Pepa Franco Rebollar e Clara Guilló Girard de Folia Consultores, quen tamén participaron na súa elaboración.

Grazas a todas as persoas e entidades polo seu esforzo e as súas achegas.

Presentación

Para a *Red Europea de Lucha Contra la Pobreza y Exclusión Social en el Estado Español* (EAPN ES) a participación daquelas persoas que se atopan nunha situación de pobreza ou exclusión, é básica e constitúe unha das súas liñas de traballo fundamental e prioritaria.

Por este motivo e coa especial implicación do Grupo de Traballo de Participación, embarcámonos nun proxecto que contemplaba a creación dunha Guía Metodolóxica que poda axudar a todas as entidades que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade a que estas participen, non só en ditas entidades senón en todos os ámbitos nos que, directa ou indirectamente se atopan implicadas.

É obvio dicir, que este labor realizado quedaría en nada senón houbera un proceso posterior de difusión, impulso e aplicación desta Guía. Ese debe ser o noso traballo e esforzo.

Así mesmo, neste longo proceso que foi a elaboración da Guía, dividido en dúas grandes fases, interveu moita xente que compartiu parte do seu tempo, experiencia e coñecementos a esta idea, hoxe feita realidade. A todos e todas, dámoslles as grazas polo seu enorme esforzo.

Asemade, debe recoñecerse a gran implicación e impulso dado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través da súa Dirección de Inclusión Social, principais promotores, xunto a EAPN ES, desta Guía Metodolóxica de Participación.

En definitiva, grazas a todas as persoas, entidades públicas e privadas, que fixeron posible este traballo.

Introdución

paradigma da pobreza material como único factor que permitía explicar a exclusión, foi amplamente superado.

Se a intervención social significa “un axuste dinámico entre autonomía persoal e integración relacional” (Fantova, 2008) as estratexias que se poñan en marcha para acadar a unha e a outra seguro que son complementarias e sinérxicas, e, ademais, no primeiro caso, estarán baseadas no

aumento da implicación persoal mentres que, no segundo caso, o acento metodolóxico porase en facilitar a participación social.

Implicación persoal e participación social son mecanismos interrelacionados cuxo efecto mellora as posibilidades de autonomía persoal e integración relacional; o interese é centrar a reflexión na segunda.




Ilustración 1. Mecanismos da intervención social

O punto de partida desta Guía fuxe das receitas pechadas e dos modelos que utilizan “etiquetas” que non provocan procesos de transformación dentro das entidades.

Aínda que a Guía non é un material de avaliación das capacidades das organizacións, si se inspira nesta metodoloxía

que pretende conseguir a mellora da eficacia das entidades sociais no desempeño da súa misión: acadar sociedades máis xustas, máis democráticas, sen exclusión social.

Deste xeito, a Guía trata de **pór en práctica un proceso de reflexión dentro da organización** que favoreza a posta en valor do

potencial propio da entidade, e das súas capacidades.

Este proceso dividiuse en tres partes:

A primeira parte sitúa o contexto actual

dende o que unha entidade social propónse promover a participación social das persoas en risco de pobreza e exclusión. Deste xeito, sinálanse tres puntos de partida a ter en conta: primeiro, a pobreza, a inclusión e a exclusión na nosa sociedade, (incluíndo un breve glosario de conceptos claves). Segundo, a visión inicial da participación dende as organizacións; e, terceiro, algúns dos factores que inflúen en que as persoas participen socialmente.

A segunda parte, unha vez situada a entidade no contexto anterior, lévanos á xeración de condicións nun proceso de participación social. Condicións que van

dende visualizar a identificación entre as persoas ata a idea de sustentabilidade dos procesos, pasando por aumentar a consciencia colectiva, identificar obxectivos e estratexias comúns, e innovar nas respostas aos problemas sociais.

A terceira e última parte desta Guía supón concluír situando novamente á entidade social nun proceso aínda máis amplo que o que se enmarca. Trátase de subliñar que as organizacións sociais son organizacións educadoras en valores democráticos, e que traballan en rede para influír nas políticas. Políticas que pretenden combater a exclusión social. O enfoque de traballo dende EAPN parte de considerar un obxectivo estratéxico a implicación das organizacións no fortalecemento dunha cultura democrática, para o cal, a promoción da participación social das persoas coas que traballan, é unha tarefa imprescindible.



Ilustración 2. Fases e contido da Guía.



No camiño da Guía, **as entidades van atopar pistas prácticas de coñecemento e de reflexión**. Como xa se dixo, non se inclúen receitas nin trucos máxicos, pero temos a seguridade de que facilitará a promoción da participación das persoas nas organizacións e nas súas actuacións. As súas fases e contido poden verse de xeito resumido na ilustración 2.

A participación coma proceso fronte á participación como medio, enfróntanos á idea de eliminar do primeiro plano das nosas preocupacións a visión dun “programa” de participación, un “procedemento”, un “espazo”, unha “técnica”. Trátase de colocar á “participación” dentro do estrutural, transversalmente, e sobre todo, supón situar ás persoas coma centro de toda actuación.

Tendo en conta o anterior, as estratexias e técnicas que se utilizan para aumentar a participación social das persoas coas que se traballa dende as organizacións de EAPN están, ademais, considerando dous enfoques:

1. O enfoque de xénero, que ten en conta que a realidade a compoñen tanto homes coma mulleres e que polo tanto, é preciso analizar como inflúe a realidade, os recursos, a información, a atención, etcétera, nuns e noutras.
2. O enfoque de diversidade, porque na sociedade conviven persoas de diferentes idades, culturas, capacidades, etcétera, e tamén as súas necesidades, intereses e expectativas son diferentes.



Ilustración 3. Recoñecer un enfoque de diversidade

1. ALGÚNS PUNTOS DE PARTIDA


- A. Pobreza, exclusión e inclusión
- B. Breve glosario sobre participación social
- C. A que chamamos participación nas organizacións?
- D. Que factores inflúen en que as persoas participen socialmente?



Enténdese que a implicación persoal é unha condición para que comece calquera proceso de participación social, pero tamén, que implicarse supón unha **toma de conciencia de cada persoa e, sobre todo, da persoa nun grupo, sobre a realidade (a realidade colectiva nun contexto), e a necesidade dun ben común.**

Nesta Guía trátase, polo tanto, de pensar sobre os procesos que, sen dúbida, terán unha importante compoñente educativa, na medida en que só os procesos que incorporan a educación permiten que individuos e colectivos recoñezan a súa realidade e aumenten as súas capacidades para influír nela.

Como se poden pór en marcha eses procesos de toma de conciencia do colectivo?, que condicións deben darse para que sexan posibles e eficaces?, que actores hai nestes procesos e que roles distintos desempeñan?, que metodoloxías pódense utilizar?, que experiencia hai sobre elas en EAPN? Esas son algunhas das preguntas ás que trata de responder a Guía.



Coma xa foi mencionado, o enfoque desta Guía parte de considerar **un obxectivo estratéxico, a implicación das entidades sociais no fortalecemento dunha cultura democrática, para o cal**, a promoción da participación social das persoas coas que traballan, é condición imprescindible.

Unha das conclusións é que calquera actividade pode xerar condicións cara a

participación social sempre que se teña presente **o obxectivo estratéxico de que as persoas actúen colectivamente no social, participen**. Isto permite analizar as diferentes prácticas dende unha visión non maximalista que obrigaría a conseguir resultados concretos en prazos de tempo previsibles. O acento ponse nos logros de cada metodoloxía para ir avanzando cara unha maior participación social.



A. POBREZA, EXCLUSIÓN E INCLUSIÓN

Facer unha Guía sobre un tema coma este, que é e foi estudado, investigado, analizado, con tanta amplitude, é un reto interesante, así, non se pode obviar que hai diferentes opcións teóricas dende as que posicionarse. Por esa razón, a Guía sinala a continuación cales son os puntos de partida teóricos dende os que sustenta as súas propostas de reflexión.

Sínálase dende a Comunidade Europea que: *Pobreza e carencias materiais adoitan ir asociadas á **incapacidade para participar plenamente na vida social**, pola falla de acceso axeitado ao emprego, á educación e á formación, á vivenda, ao transporte ou á asistencia sanitaria.*¹

Pobreza e exclusión son termos relacionados, aínda que **non todas as situacións de exclusión comportan situacións de pobreza**, polo menos nas súas formas máis severas, máis tamén poden comportar pobreza relativa ou precariedade social. E, viceversa, *non todas as formas de pobreza, polo menos no seu grao de pobreza relativa ou precariedade, son formas de exclusión social*².

Aínda que a meirande parte das e dos autores **poñen a énfase en que a exclusión é produto de variables económicas**, e, sobre todo consecuencia da evolución do emprego na sociedade capitalista, a sociedade rede ou no mundo global; **a dimensión social e, sobre todo, política, da exclusión** ábrese paso dende a teoría e a

práctica. Compróbase que non é só unha cuestión de individuos que se ven arrastrados por condicións socioeconómicas que non controlan, senón que é precisamente, a falla de posibilidades de control a que provoca que a determinados individuos, de determinadas características (idade, sexo, cultura, discapacidades...), **négueselles o poder para cambiar a realidade**.

A exclusión non é estática: quen é excluído e incluído cambia co tempo, dependendo da educación, as características demográficas, os prexuízos sociais, as prácticas empresariais e as políticas públicas, atopamos a imposibilidade / dificultade estrutural de procurarse o sustento, e **aínda que a condición laboral é un mecanismo clave, son moi variadas as vías que inducen procesos de exclusión**, afectando tanto a persoas como a territorios, xa que en certas condicións, as áreas (barrios, cidades, rexións e países enteiros) que non teñen un interese político significativo, poden quedar excluídas dos fluxos de riqueza e información. Este proceso crea unha xeografía extremadamente desigual que incapacita a grandes segmentos da poboación, mentres vincula trans-territorialmente a todo o que poda ser de valor nas redes globais de acumulación de riquezas, información e poder.

Pode servir coma resumo, o que a **Fundación Luís Vives** (2007) salienta en relación coa exclusión: a súa orixe estru-

¹ (COM(2005)14 final, 2005)

² (Fundación Luís Vives, 2007)

tural, o seu carácter multidimensional e a súa natureza procesual.

Nese senso, a exclusión é un concepto multidimensional que fai referencia a un **proceso de perda de integración ou participación do individuo na sociedade**, nun ou varios destes ámbitos:

-  Económico (na produción ou no consumo).
-  Político - legal (participación política, sistema administrativo, protección social...).
-  Social - relacional (ausencia de redes ou problemática dentro das redes sociais ou familiares).

A situación de inclusión ou exclusión social dun individuo defínese, polo tanto, en termos relativos á situación do individuo con respecto á poboación considerada maioritaria, valorando a situación da persoa con respecto á posibilidade de exercer os dereitos sociais da maioría.

Con estes enfoques evidénciase que a exclusión a provocan elementos estruturais, que afectan de modo diverso a cada individuo ou grupo de individuos, e tamén, que eses elementos estruturais son propios dunha sociedade que en si, contén o xerme da exclusión.




Ilustración 4: Problemática da exclusión.



A exclusión non fai referencia a un fenómeno, senón a unha problemática que hai que descifrar, identificar³.

Os procesos de inclusión - exclusión serán a resultante da combinación e acumulación de determinados factores ao longo das traxectorias persoais e vitais, marcadas, ademais, pola pertenza aos *colectivos* estruturalmente máis vulnerables: as mulleres, os nenos/as, as e os adolescentes, a xente nova, as persoas anciás e tamén, as persoas de culturas non dominantes.

Este modelo representa un importante salto cualitativo na comprensión do fenómeno da exclusión social no seu enfoque global, permitindo sistematizar os elementos que interveñen nos procesos de exclusión social e os colectivos vulnerables a ditos procesos. Así mesmo, aporta criterios para analizar a extensión e a intensidade do fenómeno nun territorio, é dicir, na práctica, como fenómeno *estrutural, relacional, dinámico, multifactorial, multidimensional, e político*. Implica a insatisfacción de necesidades humanas fundamentais, así como de dereitos económicos, sociais, políticos, civís e culturais. (Cruz Roja Española, 2008).

É dicir, ábrese paso a perspectiva que trata a exclusión coma **negación da cidadanía**, ou o que é o mesmo, coma o impedimento para gozaren dos dereitos civís, políticos e sociais vinculados, en cada sociedade,

segundo a pauta de dereitos e deberes que condiciona legalmente a inclusión na comunidade sociopolítica.

En liñas xerais, **a inclusión indica, en calquera caso, pertencer, contar co recoñecemento social, adaptarse a un criterio de selección**. Por iso, inclusión significa a posibilidade de acceder a un sistema societario cando se reúnen determinadas características. Posuír unha determinada propiedade ou calidade, significa trazar unha distinción respecto de quen non a posúe (e que, polo tanto, queda excluído)⁴.

O código da inclusión que funcionaba durante o século XX está en crise polo que se denomina *reversibilidade* dos criterios (quen estaba incluído, pode pasar a estar excluído en pouco tempo) e un maior *entrecruzamento* (crossing) dos límites atribuídos (persoas incluídas nuns aspectos e excluídas noutros) ás distincións que definen os dous ámbitos, o dos incluídos e o dos excluídos⁵.

Inclusión activa é un dos conceptos máis utilizados e que para a Comisión Europea⁶, supón combinar as medidas de: apoio á renda, oportunidades de emprego e un mellor acceso a servizos de calidade. Estes tres aspectos son recorrentes na definición das políticas públicas e dos seus plans.⁷

³ (Subirats, 2002)

⁴ (Luhmann, 1995, citado por Donati, 2004).

⁵ (Donati, 2004)

⁶ (COM (2007) 620 final)

⁷ Este aspecto está máis desenvolvido no material que se elabora dende o grupo de traballo de EAPN-CLM.

B. Breve glosario sobre participación social

Hai conceptos que a forza de utilízalos perden o seu senso. Tamén hainos que teñen un fondo que non se percibe con facilidade. Falar de participación require falar de dereitos, de cidadanía, de acción colectiva, de

empoderamento e, incluso, de diferentes apelidos da propia participación: social, cidadá, comunitaria. Imos tentar dar definicións claras.



Ilustración 5. Conceptos clave en participación.

Dereitos sociais

A proposta clásica, aceptada pola meirande parte dos xuristas sobre os Dereitos Fundamentais, é a que distingue tres xeracións de dereitos e introduce un principio de orden mental nese mundo tan complexo. A primeira xeración estaría constituída polos Dereitos Fundamentais de Liberdade; a segunda, polos dereitos de Igualdade - os dereitos sociais - vinculados ao Estado do Benestar; e a terceira, polos Dereitos Fundamentais de Solidariedade.

Respecto aos dereitos sociais – ou de segunda xeración - o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais⁸

ratificado por España o 27 de abril de 1977, recolle en resumo, os seguintes:



O dereito a traballar cunha remuneración equitativa, igual por igual traballo, seguridade e hixiene, igualdade na promoción, descanso e goce do tempo de lecer; e remuneración dos días festivos.



O dereito á liberdade sindical e o dereito de folga.



O dereito de toda persoa á seguridade social, incluso ao seguro social.

⁸ Adoptado e aberto á sinatura, ratificación e adhesión pola Asemblea Xeral na súa resolución 2200 A (XXI), de 16 de decembro de 1966. Entrada en vigor: 3 de xaneiro de 1976, de conformidade co artigo 27.



-  O dereito á protección e asistencia á familia.
-  O dereito á protección da maternidade e dos nenos, nenas e adolescentes.
-  O dereito a un nivel de vida axeitado, incluso alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia.
-  O dereito de toda persoa a estar protexida contra a fame.
-  O dereito de toda persoa ao goce do máis alto nivel posible de saúde física e mental.
-  O dereito de toda persoa á educación.
-  O dereito de toda persoa a: participar na vida cultural; gozar dos beneficios do progreso científico e das súas aplicacións; beneficiarse da protección dos intereses morais e materiais que lle correspondan por razón das producións científicas, literarias ou artísticas das que sexa autora.

Seguindo o criterio de ser aceptados por organismos internacionais de Dereitos Humanos, os dereitos de solidariedade – ou de terceira xeración – teñen que ver co

dereito á paz, ao desenvolvemento e ao medio ambiente san. É dicir, co concepto de solidariedade, o sentimento laico da fraternidade.⁹

Cidadanía

Na definición clásica de Marshall, refírese ao “estatus que se concede aos membros de pleno dereito dunha comunidade”. Nesta definición hai dúas compoñentes principais: o individuo e a comunidade. A base desta conceptualización é o recoñecemento dunha igualdade humana básica asociada á pertenza plena ao estado -nación, que transcende calquera das desigualdades que existen na realidade. Implica un senso homoxéneo e totalizador no cal aplácanse ou neutralízanse as diferenzas en favor dunha igualdade universal.

Xunto a esta, como se vía máis arriba, hai unha posición máis crítica sobre o concepto de cidadanía baseada sobre todo, no feito de que vivimos nunha sociedade plural, cuxos individuos e grupos demandan o dereito a exercer a cidadanía dende as súas particularidades e diferenzas.

O mundo actual debe recoñecer o pluralismo cultural, que responde á mundialización da economía e da cultura. Unha sociedade nacional culturalmente homoxénea é anti-democrática por definición. A sociedade mundial obriga a persoas provenientes do

⁹ Sen a posibilidade efectiva de gozar dos dereitos sociais e solidarios, non hai garantía dun exercicio pleno de cidadanía. Pero hoxe en día, non se fixaron aínda mecanismos efectivos para facer estes dereitos esixibles, a pesares de que na Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de Viena (1993) declarouse a indivisibilidade, interconexión e interdependencia de todos eles. Ademais, dependendo da ideoloxía dominante, existen diferentes modelos relativos tanto ao concepto de benestar, como ás políticas sociais correspondentes. O certo é que o modelo de Estado de benestar, a pesares de estar en proceso de reestructuración, fundaméntase na centralidade do traballo, coma unha das vías de titularidade dalgúns dereitos sociais. E esta característica sitúanos, entre outras cousas, ante a cuestión do vixente modelo de cidadanía.

sur a ir vivir ao norte. A dualidade social e cultural está presente en todas partes, ao tempo que as políticas estatais apuntan en todas partes, a defender especificidades culturais. Así como a liberdade dos antigos baseábase na igualdade dos cidadáns, do mesmo xeito a liberdade dos modernos está fundada na diversidade social e cultural dos membros da sociedade nacional ou local. (Touraine, 2002)

Para Adela Cortina, hai unha diferenza entre a cidadanía pasiva, que só reclama dereitos, e a **cidadanía activa** de quen están dispostos a reclamaren os seus dereitos e a exercelos, a asumir as súas responsabilidades e a construír a vida común, participando nela. Edificar un Estado de Xustiza, senón do Benestar, ou mellor, unha Sociedade xusta, é cousa de todos. (Cortina, 2006)

A idea da **corresponsabilidade** coma valor engadido ao tradicional senso da cidadanía como dereito, está presente nos discursos actuais xunto á evidencia de que a nova sociedade que quere facer oír a súa voz, *esixe unha adaptación das estruturas representativas para facer posible unha implicación máis directa na discusión dos problemas e na toma de decisións sobre os mesmos* (Benedicto & Morán, 2002) e ter un maior protagonismo e capacidade de intervención.

Dereitos de cidadanía

A Unión respectará os dereitos fundamentais tal e coma se garanten no Convenio

Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais asinado en Roma o 4 de novembro de 1950, e tal e como resultan das tradicións constitucionais comúns aos Estados Membros e dos principios xerais de Dereito Comunitario. Tratado da Unión Europea. Artigo 6. Apartado 2.



reforzar a sociedade civil e fomentar un diálogo aberto, transparente e periódico con ela sobre os dereitos fundamentais;



combater o racismo, a xenofobia e o antisemitismo;



fomentar unha mellor comprensión inter-confesional e intercultural;



promover una maior tolerancia a través de toda a Comunidade Europea;



mellorar os contactos, o intercambio de información e as relacións entre as autoridades xudiciais e administrativas e os profesionais do Dereito;



apoiar a formación xudicial, con vistas a una mellor comprensión mutua entre ditas autoridades e profesionais.

Obxectivos da Decisión **2007/252/CE** do Consello, de 19 de abril de 2007, pola que se establece para o período 2007-2013 o programa específico Dereitos fundamentais e cidadanía, integrado no programa xeral Dereitos Fundamentais e Xustiza.



As primeiras nocións sobre cidadanía facían mención ao estatus que corresponde aos que son membros plenos dunha comunidade e, interpretada coma un proceso interno e histórico de inclusión, de obtención progresiva de dereitos, concedidos equitativamente a sectores cada vez máis amplos da poboación, á marxe das súas características individuais¹⁰.

Estábase considerando á cidadanía dende dentro, sen ter en conta os dereitos das persoas que podían chegar doutros lugares, con outras culturas, sen estatuto de cidadanía.

A cidadanía así comprendida, englobaría tres familias de dereitos: os civís, claves para o exercicio da liberdade individual; os políticos, precisos para a plena participación nos asuntos públicos; e os socioeconómicos (nalgúns casos, denomínanse tan só, sociais), que permitirían gozar do nivel de vida axeitado e a protección social. A cidadanía debería corrixir ou limitar o impacto das desigualdades xeradas polo sistema económico, na medida en que o Estado garante – ou debería facelo – a redistribución dos bens e crea condicións de igualdade¹¹.

Esta visión optimista, complícase no momento en que vivimos nun espazo de cidadanía fragmentada onde conviven persoas que teñen e que non teñen dereitos plenos de cidadanía; e cando, entre estas

últimas, tamén se produce gradación en función dos estatus político - legais: dende as persoas inmigrantes nacionalizadas, as residentes permanentes, as que contan con permisos temporais e, no último lugar, as persoas inmigrantes en situación irregular¹².

A discusión en torno á extensión de dereitos circunscríbese en gran medida aos dereitos políticos, e moi limitadamente aos dereitos sociais dos inmigrantes temporais. Como afirma Pastor,¹³ *esa diferenciación levou á denominación de "síndrome de Atenas": dise que todas as persoas son iguais, pero en realidade óptase por unha cidadanía nacional e/ou comunitaria excluínte ou "selectiva", en función da súa relixión, a súa cultura, a asociación inmigración/delincuencia, ou co tráfico de drogas ou co terrorismo.*

Participación

Para delimitar máis a temática da participación, podemos tomar os elementos que nos sinala o Dicionario da Real Academia respecto ao verbo “participar”, atopamos así esta definición “tomar parte en algo, ter parte nunha sociedade, ou recibir unha parte de algo”.

Participar supón, por unha banda, a intervención activa dos suxeitos na construción da súa propia realidade e pola outra, unha dinámica de intercambio que xera unha

¹⁰ (Sala, 2006)

¹¹ (Arango, 2006)

¹² (Arango, 2006)

¹³ (Pastor, s/f)

mutua transformación entre o suxeito e o feito no que se participa.

Á súa vez, implica tres elementos centrais:
ß ser parte: refírese á magnitude e intensidade da participación e a orixe dun compromiso cara ao que se pertence;



ter parte: que implica asumir un rol por parte dos cidadáns nos escenarios de participación,



e tomar parte: suxire a capacidade de facer e decidir, contar con mecanismos participativos e ter o dereito a utilizalos. É dicir, participar non é

só estar informado e opinar sobre algo, significa tamén transformar unha realidade e transformase coma individuo.

A participación, no senso de “tomar parte” e “transformar” con outros o conxunto de relacións e os espazos sociais, é o que a define coma unha relación social que pode expresarse de diversas formas: participación cidadá, comunitaria, social e política.

De aí que o concepto de participación teña diferentes connotacións



Ilustración 6. Connotacións do concepto de participación



Participación cidadá

Enténdese coma tomar parte nas decisións sociais e políticas nun marco territorial concreto. Baséase na condición de cidadanía.

Esta idea enlaza coa de gobernanza (ou goberno relacional) entendida como a interacción das administracións públicas coa sociedade civil, non dende a relación xerárquica, senón dende a relación en rede, para garantir eficacia, calidade e boa orientación das políticas públicas, que é o que no fondo proporciona ás autoridades parte da súa lexitimidade.

É dicir, a participación cidadá pode ser individual ou colectiva pero depende da posibilidade de exercer os dereitos de cidadanía dende espazos formalizados: os dereitos políticos dende os instrumentos máis comúns - o voto e a adscrición a partidos políticos - pero tamén, dereitos civís coma o de asociación ou o de liberdade sindical.

Participación comunitaria:

A participación comunitaria é o proceso mediante o cal, a cidadanía de xeito organizado, exerce influencia e comparte o control das decisións, asumindo como comunidade, un papel protagonista na defensa dos seus intereses. Outra definición: “Un proceso aberto transformativo, no que se

leva a cabo unha política específica orientada a capacitar e aumentar o poder da cidadanía, e a impulsar o seu papel no fortalecemento do desenvolvemento comunitario.” (Camps F. , 2000)

En calquera caso, a súa connotación é relacional e pode incluír ou non, espazos formalizados de participación.

Participación social:

Pode ser individual ou colectiva e incidir en ámbitos sociais ou comunitarios. Presupón aumentar a motivación, a capacidade e a posibilidade de que os individuos colectivamente, interveñan nos asuntos sociais. O traballo profesional para incrementar as posibilidades de participación social de persoas e grupos está relacionado co apoio organizativo, a formación para a organización e a creación de condicións e estruturas para a participación social. Todo isto vinculado ao fortalecemento da cultura democrática.

Participación política:

As accións realizadas por cidadáns privados que están nalgunha medida dirixidas a influír a selección do persoal gobernamental ou as súas actividades, a introducir novos temas na axenda, e/ou a cambiar os valores e as preferencias conectadas directamente coa toma de decisións políticas. (Ulzurrun, 2001)




Ilustración 7. Acción colectiva e empoderamento

Dende a idea de participación, constrúense outras dúas: **acción colectiva e empoderamento.**

Ter claros estes conceptos é importante porque, por exemplo:



As organizacións, como tales, participan en organismos e institucións públicas, en espazos institucionais: Consellos, Foros, Plataformas, etc., dende onde poden exercer, segundo o seu grado de influencia e as súas posibilidades, a súa participación social e cidadá.



As persoas e grupos cos que as organizacións traballan poden exercer, en

moitos casos, a participación social ou a participación comunitaria, pero na medida en que non teñen todos os seus dereitos coma cidadás e cidadáns, estalles vetada a participación cidadá formal e política.



A participación comunitaria supón a vinculación das persoas cunha comunidade ou cun espazo territorial concreto, un aspecto que non sempre se cumpre no caso das persoas coas que as organizacións traballan.

A seguinte táboa pode axudar a aclarar máis algúns dos conceptos citados ata aquí



Diferentes conceptos que se parecen

Concepto	DIFERÉNCIASE DOS OUTROS	ESIXE ESPECIALMENTE	PARÉCENSE
Participación política e participación cidadá	Vincúlase á toma de decisións en espazos institucionais de participación.	O recoñecemento dos dereitos de cidadanía das persoas e grupos que participan.	Trátase de procesos, non de condutas. En todo caso perséguese o ben colectivo.
Participación comunitaria	Vincúlase á toma de decisións sociais nunha comunidade específica ou nun territorio concreto.	A vinculación das persoas e grupos que participan a unha comunidade ou a un territorio concreto.	Sempre supoñen unha toma de conciencia do colectivo.
Participación social	Vincúlase á implicación nas decisións sobre o social en calquera espazo organizativo (institucional ou non) ou territorial.	Todas as anteriores en función de cales sexan os obxectivos.	Precisan de estratexias de empoderamento individual e grupal. Trátase de actuacións que poden levar a cabo unha acción colectiva.

Táboa 1 : Diferentes conceptos que se parecen.

E estes son algunhas compoñentes clave do acceso á participación e da concreción da mesma:

Compoñentes de dereitos de acceso	Compoñentes de participación efectiva
Existencia legal (registro administrativo)	Realización de actividades políticas. Accións
Inclusión formal en organismos ou mecanismos de toma de decisións.	Contacto con organizacións políticas autóctonas; membros.
Inclusión informal en organismos ou mecanismos de toma de decisións	Contacto con políticos e autoridades do país receptor. Interlocución
	Participación efectiva en organismos ou mecanismos de toma de decisións.


Táboa 2. Compoñentes de dereitos e de participación. (Baseado en: Ferrer & Uzurrún, 2006).

C. A que chamamos participación nas organizacións?

De como entendan a participación as propias entidades sociais, dependerán os procesos que se poñan ou non en marcha para promovela.

Neste apartado da Guía percórrense **aspectos estruturais das organizacións**, os seus públicos, e a idea da participación como proceso fronte á idea de participación como medio.

Reflexionar en torno a isto é imprescindible para comprender cales son os elementos máis internos sobre os que prestar atención á hora de proporse procesos participativos.





O coñecemento que se ten sobre entidades sociais indica que polo xeral o tema da participación circunscríbese a algunhas técnicas de dinamización de grupos. Técnicas que se aplican nalgúns actividades, e poucas veces vinculadas a procesos, por exemplo, consultivos, valorativos, ou de expresión de opinión. A través destas técnicas (e procesos), pódese acceder ao sentir das persoas beneficiarias (ou traballadoras), e ben levadas tamén supoñen a aprendizaxe e capacitación en habilidades sociais dos que toman parte, o que pode mellorar a súa participación social. Unha conclusión é, que no panorama actual predomina nas organizacións a idea de participación como medio; fronte a isto propónse traballar sobre a **idea de participación como proceso**.

Participación como proceso

A participación como proceso fai referencia ás “persoas”, mentres que a participación como medio fai referencia a “ cousas”. Causas como actividades, protocolos, procedementos, programas.... Esta distinción xa clásica (Chambers, 1994) supón ter en conta unha serie de implicacións que propoñemos se aborden dende unha pregunta clave cara a organización.

Para poder respondela, propónse **explorar cal é a situación da organización** respecto a diversos referentes ou o que R. Chambers (1994) denomina “puntos de referencia ou claves”.

Pistas para pensar dende a organización

Como está situando a participación a nosa organización?: Nun medio ou nun proceso? Relaciónase con papeis, cousas, procedementos, actuacións... ou con persoas?

Pistas para pensar dende a organización

Estes referentes son:

<i>Punto de partida e referencia</i>	<i>Cousas</i>	<i>Persoas</i>
Modo	Programa	Proceso
Palabra clave	Planificación	Participación
Meta	Pre- establecida: cerrada	En desenvolvemento; aberta
Toma de decisións	Centralizada	Descentralizada
Teorías asumidas	Reduccionistas	Sistémicas, holísticas
Métodos/Regras	Estandarizados	Diversificados
Tecnoloxía	Universal	Local
	Paquete	Diversificada
	estandarizado	(“á carta”)
	(“menú do día”)	
Interacción do persoal profesional cos participantes*	Motivadora	Facilitadora
Visión sobre os participantes	Control	Empoderamento
	Beneficiarios	Actores, socios
Fluxo de forzas	Subministro e oferta	Demanda e empuxe
Resultado/Efecto	Uniforme	Diverso
	Infraestrutura	Capacidades
Planificación y acción	De arriba abaixo	De abaixo a arriba

26

Fonte: Robert Chambers 1994.

* Chambers utiliza o termo “clientes”. Substituído polo de “participantes”.

Táboa 3. A participación coma medio ou coma proceso

A participación das persoas dende a perspectiva da organización

No desenvolvemento das políticas públicas de inclusión social, a meirande parte das entidades sociais desempeñan -entre outros- un rol coma mediadoras ou prestadoras directas de servizos dentro de programas de acción social dirixidos á inclusión.

A participación das persoas ás que se dirixen é un dos retos das organizacións.

Tanto os programas coma os servizos que son prestados, diríxense fundamentalmente ás persoas que se atopan nunha situación de risco ou de exclusión social. Son os “suxeitos obxecto” da acción.

Estas persoas son denominadas (segundo a linguaxe de xestión das políticas e orga-



nizacións) de varias xeitos, por exemplo como: destinatarias, beneficiarias, usuarias, clientes ou participantes.

Aínda que estes termos tendan a empregarse coma sinónimos é interesante distinguir matices entre eles coma reflicte a seguinte ilustración:




Ilustración 8: Como nomeamos á xente?

Nas tendencias actuais de xestión das organizacións sociais, o termo cliente está

asociado á implantación de modelos de xestión de calidade da entidade¹⁴.

¹⁴ É destacable a controversia que suscita dentro do propio Terceiro Sector a implantación de determinados enfoques e os propios sistemas de calidade. Coma se indica en AIEJI. (s.f.). XVI Congreso Mundial de Educación Social. Obtido de <http://www.educadoressociales05.org/> "Cliente" é un dos conceptos máis repetidos no modelo e que máis controversias provoca dende a perspectiva do Terceiro Sector. Aínda que cada vez estea máis estendido o uso deste concepto na Acción Social, tamén existe unha resistencia ao seu uso polas súas connotacións comerciais ou ben porque non define correctamente á persoa que queremos identificar, como pode suceder nunha entidade que traballa co colectivo de inmigrantes e presta un servizo asistencial a persoas inmigrantes sen fogar. A adaptación do modelo neste termo pasa por entender o concepto cliente a outros coma usuario directo, usuario indirecto, beneficiario, receptor do servizo... ou calquera outra expresión, sempre e cando con ela esteamos definindo a aquelas persoas físicas ou xurídicas receptoras, directa o indirectamente, dos nosos servizos ou produtos, independentemente de que haxa ou non unha contraprestación económica ou unha solicitude ou demanda previa do servizo ou produto. Pp.10-11

O máis frecuente adoita ser o de *persoa usuaria*; e desde esta guía faise unha firme aposta polo termo *participante*.

Deste xeito **un primeiro reto ineludible é visibilizar e transformar aos “suxeitos -obxecto” en “participantes”**, dentro da acción e dentro da organización.

En resumo:

O segundo reto sería conseguir que quen participan recoñézase e sexa recoñecido coma **“axentes de transformación social”**, tanto respecto á causa da acción e respecto a o seu contexto social, como en relación á institución (política pública) responsable última de dita acción.




Ilustración 9. Recoñecer ás persoas coma axentes de transformación social.

Finalmente, non hai que esquecer que, ademais das persoas participantes, as persoas que están en torno a unha organización responden a perfís moi diversos. Isto ten relación coa *diversidade* que se mencionaba ao principio da Guía, pero neste contexto refírese sobre todo aos chamados **públicos das organizacións**. Unha estratexia de participación na organización non pode ignorar que ten diferentes públicos, e que necesariamente deberá adquirir unha versatilidade importante se pretende ser inclusiva con todos eles.

Por público externo enténdese a sociedade civil, os poderes públicos, políticos e da

administración pública, outras organizacións sociais que non teñen que ser necesariamente de acción social, e os medios de comunicación.

Por públicos interno enténdese todas as persoas involucradas na organización, dende aquelas que están dentro dos espazos formais de toma de decisións máis usuais, ata aquelas que son habitualmente descoidadas: persoal contratado (técnico e administrativo), voluntariado, e persoas participantes (usuarias - beneficiarias) da acción. Tamén se incluíría ás persoas u organizacións donantes, e as plataformas das que a organización é membro.



Coma veremos no apartado “D. Que factores influen en que as persoas participen socialmente?” da Guía, está demostrado que **a estratexia e estrutura organizativa das propias organizacións** inflúe na motivación cara a participación social das persoas.

Coma pode apreciarse na ilustración 10, as figuras en cor verde son o público interno tradicionalmente excluído da participación

nas propias organizacións. Normalmente excluído dos espazos formais de toma de decisións (representado como un triángulo vermello invertido, que significa a menor capacidade de decisión, ou menor presenza). Obviamente o gráfico reflicte unha foto fixa maioritaria, e non o escenario desexable, onde a pirámide debería ter a súa base nas persoas participantes da atención ou das entidades.




Ilustración 10. Os públicos dunha organización

A participación das persoas nos aspectos estruturais da organización

Continuando coa perspectiva organizativa, e sen excluír o anterior, **a participación adoita centrarse en dous aspectos estruturais comúns en calquera organización**¹⁵: a xestión da entidade e a acción que realiza.



Un é a **xestión da entidade**: os seus recursos humanos, a súa estratexia de comunicación, e as súas relacións con outros ámbitos (o Sector ao que pertence, o Mercado e o Estado).



O outro é a **acción da entidade** (que é o que fai), onde se inclúe a planificación (incluíndo a diagnose), a execución, o seguimento e avaliación das accións.

É dentro da visión estrutural onde máis hai que esforzarse por entender a idea de participación como proceso educativo, do que aprender tanto de éxitos coma de fracasos, para o conxunto da organización, os seus membros, participantes, e estruturas.

Respecto ao desenvolvemento do participativo no estrutural, polo xeral, non se seguen métodos integrais, senón ou métodos moi específicos ou técnicas de grupo moi xerais: por exemplo a xestión participativa de recursos humanos, a organización de comités ou comisións, a avaliación participativa, ou a elaboración participativa de diagnoses. Isto é produto da ausencia da “participación coma proceso”. O reto estará en desenvolver unha **estratexia transversal de participación**.

Pistas para pensar dende a organización

Algúns trazos propios do sector coma “participación e democracia interna”, así coma algúns compartidos con outro tipo de entidades -públicas ou privadas mercantís- coma: flexibilidade, descentralización, proximidade ao usuario/a; cuestiónanse na práctica, cando “os mesmos directivos e xestores recoñecen que a profesionalización trae de seu de xeito non desexado (...) a xerarquización interna e a concentración de poder ao servizo da xestión”

(Rodríguez Cabrero, G, 2003: 374, 376).

Por outra banda, pode afirmarse que persoa e grupos elixen entre diferentes grados de participación e que todos eles son

lexítimos. Ante unha situación, un problema, un requirimento, as persoas e grupos poden situarse de diversos xeitos.

¹⁵ Dentro da acción social non existe un modelo único de organización, senón pola contra, unha heteroxeneidade que reflicte multitude de experiencias organizativas diferentes.

Alguns puntos de partida

Xerando condicións nun proceso de participación social dun grupo de persoas

O papel das organizacións na participación social das persoas en risco de pobreza e exclusión

1



Un exemplo: nunha organización poden darse os seguintes círculos de participación que aparecen na ilustración 11. De este xeito, unha organización como a do exemplo, pode ter un núcleo de toma de decisións dende o cal coordínase o traballo de persoas e grupos situados en círcu-

los concéntricos, que asumen diversos niveis de implicación, pero tamén pode dotarse dun espazo de participación transversal que atravesese os distintos círculos, para conseguir que, ao seu nivel, todas as persoas sintáanse parte dun mesmo proxecto asociativo.





Ilustración 11. Un exemplo de diferentes espazos de participación nunha organización

D. Que factores inflúen en que as persoas participen socialmente?



Este apartado debería servir para reflexionar sobre a motivación das persoas para participar, e tamén sobre os factores que fan que a participación sexa estable; tendo en conta que non facelo é incoherente co principio de favorecer que as persoas e os grupos sexan axentes de transformación social.

32

Podemos considerar que **as asociacións que conforman EAPN son asociacións políticas**, porque perseguen bens colectivos e queren influír na toma de decisións políticas (fundamentalmente sobre as políticas públicas sociais), ademais de seren organizacións formais. Pódese entender por **asociacións políticas** *aqueles grupos organizados de cidadáns que perseguen bens colectivos —sexan bens públicos puros ou outro tipo de bens colectivos— e que teñen coma principal obxectivo influír nos procesos políticos de toma de decisión*.¹⁶ Distínguense dos movementos sociais ou das mobilizacións cidadás en que as organizacións políticas contan cun grao (o que sexa) de formalización organizativa.

Dentro deste marco, é imprescindible que as organizacións se pregunten por que “se produce a participación social de persoas e colectivos”; e que deste xeito cheguen á **conclusión de que a participación –como pouco- amplía a súa base social e fainas ser máis representativas, aumentando a lexitimación das súas propostas**. Nos parágrafos seguintes explícase brevemente cales son algunhas das principais teorías sobre a participación das persoas, que factores parecen ser influentes ou determinantes, e, cales favorecen que a participación sexa sostible.

¹⁶ (Ulzurrun, 2001)




Ilustración 12. Algunhas teorías sobre a participación das persoas.

De xeito moi resumido, estas son as teorías que tratan de explicar as causas da participación social

Algunhas explicacións poñen a énfase na dependencia das características individuais, as actitudes, os coñecementos ou as habilidades de cada individuo ou grupo, aínda que, considérase que a contorna inmediata sempre interfere.

Outras, fíxanse nos aspectos externos ao propio individuo que lle impulsan a participar. Son teorías que parten das interpretacións da **elección racional do comportamento político**. Veñen dicir que cada persoa elixe participar tras unha reflexión consciente ou non sobre o custe de participar e os beneficios que se poden obter participando. Por esa razón, estas teorías poñen o acento na necesidade dun incenti-

vo para a participación. Pero, avanzando sobre elas, outros autores como Klandermans (1994), explican que estes beneficios no teñen por que ser só individuais, senón que un bo elemento motivador é a percepción de que mediante a participación pode obterse un ben colectivo xa que se persigue unha causa común¹⁷.

E esta causa colectiva, pode estar referida ao que outros autores como Gamson (1992) denominan **marcos de acción colectiva**, un conxunto de crenzas e significados orientados á acción que inspiran e lexitiman as campañas e actividades dos movementos sociais e nos que inflúen tres compoñentes: inxustiza, identidade e eficacia¹⁸.



A inxustiza non precisa máis explicación. Dende os clásicos gregos¹⁹, a indignación ante o inxusto foi factor de mobilización.

¹⁷ A Teoría da motivación a participar de Klandermans propón que a participación non só depende do valor dado ao ben colectivo, senón da multiplicación de dito valor pola expectativa que o suxeito ten de que os outros participarán. Klandermans denomina a este elemento motivo colectivo. Teñamos en conta que a xente participa en actividades para producir un ben colectivo precisamente porque son conscientes de que este non se logrará se todos esperan que sexan os outros os que participen. Isto será especialmente importante nas persoas moi favorables á obtención do ben colectivo.

¹⁸ (J.M.Sabucedo, M.Rodríguez-Casal, & C.Fernández, 2001).

¹⁹ A xusta indignación é a dor que se experimenta ao ver a fortuna de algún que non a merece; o corazón indígnase xustamente, pois é o que sente as penas deste xénero. Reciprocamente indígnase tamén ao ver sufrir a algún unha desgracia inmerecida. Velaquí o que é a xusta indignación e a situación do que se indigna xustamente. Aristóteles. La gran moral. Libro I. De la indignación que inspira el sentimiento de la justicia.



Sobre a eficacia, xa se comentou que a percepción de que unha actividade sexa eficaz ou que a propia organización sexa eficaz para conseguir o que se propón, é un factor de motivación cara a participación.



En relación á identidade, considerando en calquera caso que non é unha esencia, un atributo ou unha propiedade intrínseca do suxeito, senón un proceso de natureza inter-subxectiva e relacional²⁰, esta ten dúas compoñentes: a afectivo e a referida á conduta. Respecto á primeira relaciónasele coa identificación grupal (a necesidade de inclusión, de ser membro dun grupo e, á vez, a necesidade de establecer diferenzas con outros grupos). A compoñente referida á conduta ten que ver con que a adscrición a un grupo pode ser voluntaria, pero tamén pode vir dada en función dalgunha característica. Por exemplo, unha persoa con discapacidade é parte, queira ou non, do colectivo de persoas con discapacidade, pero voluntariamente, pode ser parte de unha asociación de defensa de intereses dese colectivo.

Outro factor que inflúe na motivación cara a participación social é **a estratexia e estrutura organizativa das propias organizacións**.

Tamén vai aumentando a súa relevancia como variable influente na motivación cara a participación, a eficacia das organizacións para a mobilización, ou como espazos de motivación e educación para dita participación.

Nese senso, sobre todo en relación cos movementos sociais, estudíase **a estrutura de oportunidades políticas e de mobilización dos recursos**. Trátase de medir as oportunidades que pode brindar unha estrutura política nun momento determinado, para aceptar ou non as reivindicacións dende a mobilización²¹. O grao de apertura do contexto político a novas demandas, ou en que medida hai coherencia entre as prioridades da axenda política e ditas demandas, van incidir na lexitimidade que se lles recoñeza e no eco das mesmas cara o resto da poboación; e polo tanto, tamén na eficacia da organización. Todo isto abunda no determinante que pode ser o contexto socio-histórico sobre as características dunha organización ou un movemento social

Pistas para la organización

A seguinte lista de ideas pode axudar a reflexionar sobre algúns aspectos que inflúen na participación social nun contexto e dende unha organización dada (é unha táboa incompleta, a experiencia pode ampliar as ideas).

Poden ser aspectos sobre os que sexa necesario traballar a activación, ou sobre os que sexa necesario establecer unha estratexia de superación.

²⁰ Cada individuo percíbese e é percibido polos outros "pertencendo" a grupos, "sendo" certos atributos e "cargando" unha historia.

²¹ Consideran, neste senso, tres aspectos fundamentais: a apertura do sistema político para aceptar os cambios que se propoñen, o grao de estabilidade das alianzas políticas e as forzas relevantes en posicións estratéxicas e as divisións elitistas. (Neveu, 2002)

Alguns puntos de partida

Xerando condicións nun proceso de participación social dun grupo de persoas

O papel das organizacións na participación social das persoas en risco de pobreza e exclusión



Os exemplos que se dan están centrados nas organizacións que traballan a favor da inclusión e que desexan por en marcha procesos participativos.

A táboa seguinte recolle algúns factores que inflúen na participación social para que as entidades reflexionen sobre o seu propio contexto:

-  Unha cultura de participación no contexto (hai asociacións, colectivos, persoas que se organizan puntualmente para resolver cuestións comúns, etc.).
-  Hai experiencias positivas de participación nas que conseguíuse o que se pretendía gracias á acción conxunta de persoas ou grupos.
-  O momento social é favorable á participación: non habería rexeitamento á participación social sobre temas comúns.
-  O momento político é favorable á participación: existe disposición política cara o debate e o contraste de opinións para tomar decisións sobre o colectivo.
-  Hai unha disposición individual e colectiva a organizarse ante unha realidade concreta.
-  Hai unha percepción común sobre a necesidade de cambios nunha realidade concreta.
-  Hai unha percepción de consenso sobre en que senso debe cambiar a realidade.
-  Percíbese que a organización (ou entidade) consegue o que se propón.
-  Percíbese que as persoas que compoñen a organización (ou entidade) acollerán favorablemente a participación doutras persoas.

Pistas para pensar dende a organización

Algúns factores que inflúen na participación social

-  **Unha cultura de participación no contexto (hai asociacións, colectivos, persoas que se organizan puntualmente para resolver cuestións comúns, etc.).**

Un contexto de cultura participativa, onde as persoas organizáronse historicamente para resolver os seus problemas, realizar as súas propostas, para a toma de iniciativas colectivas, etc., é máis favorable para animar á creación de novos grupos.

Nese senso, hai culturas máis abertas á participación que outras, sobre todo aquelas que non se viron sometidas a elementos represivos, e tamén aquelas onde predomina menos o individualismo. ➡ Como é a cultura de participación do lugar onde traballamos?



Hai experiencias positivas de participación nas que conseguiuase o que se pretendía gracias á acción conxunta de persoas ou grupos.

É moi motivador cara a participación comprobar que serve para mellorar a realidade e que é posible. Se no contexto onde se traballa hai grupos organizados con experiencias positivas de participación que conseguiron as súas metas, é un bo exemplo e tamén unha posibilidade de aprendizaxe. ➡ Que experiencias de participación hai na contorna onde traballamos?



O momento social é favorable á participación: non habería rexeitamento á participación social sobre temas comúns.

Cando os intereses do grupo coinciden cos intereses sociais expresados na opinión pública, aumenta a disposición social a sumarse ás propostas, ou simplemente a atendela e pensar sobre elas.

O reto é identificar cales son os puntos comúns onde ‘enganchar’ ou ‘conectar’ socialmente as propostas que se fan dende os grupos. ➡Δ En que grao coinciden os intereses sociais cos das persoas e grupos cos que traballamos?



O momento político é favorable á participación: existe disposición política cara o debate e o contraste de opinións para tomar decisións sobre o colectivo.

Case sempre, a participación social pasa por influír en decisións políticas, moito máis se do que se trata é de dereitos sociais. Por exemplo, unha boa disposición do goberno local para crear espazos municipais de contraste, información ou de consulta, é un elemento motivador para identificar e traballar con persoas e grupos sobre propostas que melloren a realidade.

➡Δ En que medida hai unha boa disposición cara a participación por parte dos políticos da contorna da organización?



Hai unha disposición individual e colectiva a organizarse ante unha realidade concreta.

En ocasións, os problemas ou os intereses persoais vívense coma se foran exclusivos.



Está claro que vivimos nunha sociedade que provoca certa cegueira ante o colectivo, pero unha parte do traballo das organizacións é precisamente, facer visible que as situacións individuais están relacionadas unhas con outras e, todas, co contexto onde se producen.

⇒ Faise visible dende a organización a relación entre os problemas individuais e a relación destes co contexto?



Hai unha percepción común sobre a necesidade de cambios nunha realidade concreta.

O seguinte paso tras identificar que os problemas ou intereses son comúns, é aceptar que a realidade pódese modificar.

Traballar contra as “profecías auto-cumpridas” é outra tarefa das organizacións. A exclusión, coma se viu noutras partes desta Guía, é un proceso pero non ten por que ser un punto de chegada para ninguén. ⇒△ Trabállase dende a organización para superar prexuízos e ideas preconcebidas sobre a posibilidade de mellora de persoas e de colectivos?



Hai unha percepción de consenso sobre en que senso debe cambiar a realidade.

A participación é máis factible cando está clara a dirección na que deben producirse os cambios precisos para superar os problemas (ou satisfacer as necesidades). Tamén neste caso, o papel das organizacións é importante para apoiar a elaboración de propostas de cambio, analizar as continxencias de cada unha delas e propiciar consensos sobre cara onde e como avanzar.

⇒△ Tense unha visión clara sobre o cambio desexable cara o que camiñar? Apoiase a elaboración de propostas rigorosas de cambio?



Percíbese que a participación será útil para resolver o problema ou cambiar a realidade na dirección que se pretende.

Un reto da participación é que resolva as necesidades prácticas nunha dirección estratéxica. O proceso será motivador se cada persoa ve que o seu traballo, e o traballo colectivo, van conseguindo logros na dirección proposta. É un elemento non só motivador, senón que favorece a sustentabilidade da participación.

Para isto é importante que as metas que se marquen sexan posibles e contrastadas coas expectativas de cada individuo e do conxunto do grupo. △⇒△ Planifícanse as metas da participación?, estas metas teñen en conta a diversidade das persoas coma enfoque fun-

damental?, avalíase o proceso, e que se vai conseguindo?, téñense en conta as diferentes expectativas e intereses respecto á participación de forma inclusiva?



Percíbese que a organización (ou entidade) consegue o que se propón.

Unímonos ao redor de propostas organizativas dende a percepción de que van resultar eficaces. Alguén que desexa algo, que ten un problema, que comparte os obxectivos da organización, o que procura é conseguir, resolver, actuar, transformar. Polo tanto, canto mellor se coñezan os resultados da organización, máis motivador será unirse e traballar con outras persoas nela.

Do que se deduce que dar a coñecer o que se fai e os seus logros, son prácticas interesantes para propiciar a participación. ➡△ Ten a organización unha boa estratexia de comunicación social? Coida o fluxo da información que se proporciona aos seus públicos internos e externos sobre logros e avances?

38



Percíbese que as persoas que compoñen a organización (ou entidade) acollerán favorablemente a participación doutras persoas.

Non é doado incorporarse a un grupo de persoas que xa están organizadas se non se percibe que hai unha boa acollida. No caso do traballo con persoas inmigrantes está comprobada a importancia dos procesos de acollida na organización, pero en realidade, son precisos en todas as situacións.

Pola mesma razón, en espazos de participación tamén hai que coidar que cando alguén se incorpora debe ter á súa disposición toda a información producida e tamén, coñecer as normas ou regras internas de participación. ➡△Organízase a información nos espazos de participación para que sexan accesibles ás novas incorporacións?, coidase o acompañamento inicial ás persoas que se incorporan na organización?, é o clima grupal unha prioridade dentro da nosa metodoloxía de actuación?

Táboa 4: Para pensar sobre factores influentes na participación social.



En conclusión

Non hai consenso sobre que factores son determinantes para que se produza a participación social

Cando os investigadores queren concretar algunhas variables, estas multiplícanse: *A educación diminúe as barreiras cognitivas para poder participar, a idade inflúe na posesión de experiencia e coñecemento; á súa vez, o xénero, a raza e o idioma poden constituír barreiras sociais evidentes á participación en asuntos que se consideren fora da competencia persoal. Ademais, introducíronse na análise outras variables de tipo socio- demográfico que están relacionadas co grao de integración social dos individuos: o estado civil, a práctica relixiosa e o tamaño da localidade²².*

Con todo, como en parte reflicte a lista anterior, hai **algúns aspectos que inflúen en que persoas e grupos participen socialmente**, os máis significativos parecen ser os seguintes:

Factores de influencia para as persoas e grupos

Para coñecer dende a organización

- ☒ As características individuais: a cultura participativa de referencia, a experiencia previa de participación
- ☒ Estar no lugar oportuno no momento axeitado para construír algo novo con outras persoas.
- ☒ As crenzas e a percepción de inxustiza, identidade e eficacia.
- ☒ O beneficio persoal que se pretende obter a través da participación. Refuxio psicológico, sentimento de pertenza dun grupo de iguais. Desafogo, procura de amigos.
- ☒ O contexto sociocultural favorable ou non á participación. Unha sociedade moi individualista non xera contextos favorables de participación, aínda que a organización pode xurdir ante unha necesidade perentoria, sexa o contexto favorable ou non.
- ☒ O contexto organizativo favorable ou non á participación.

²² (Ulzurrun, 2001)

- ☑ O contexto político favorable ou non á participación e ás súas demandas.
- ☑ As posibilidades de éxito da organización para acadar os seus obxectivos. Se estes factores inflúen en que as persoas e os grupos inicien procesos de participación, hai outros que incidirán en que a participación sexa estable.

Táboa 5: Aspectos que inflúen na participación de persoas e grupos.

Estabilidade da participación

Ao tempo, as entidades precisan **reflexionar sobre a estabilidade da participación** para poder falar dun verdadeiro proceso.

Algúns factores que inflúen na estabilidade da participación son:



A adaptación asociativa á realidade cambiante.



A planificación, regulando a ambición, de metas e obxectivos.



A vinculación afectiva das persoas que se organizan na entidade.



A vinculación da actividade asociativa a procesos máis amplos onde se interveña con outras organizacións cara un obxectivo común.



A visualización dos logros obtidos coma factor de motivación para buscar outros novos.



A existencia de diferentes espazos de participación na organización onde persoas de áreas e responsabilidades diversas relaciónanse e toman decisións.

A seguinte táboa recolle ideas e propostas para a reflexión sobre a estabilidade da participación.

Pistas para pensar dende a organización

Algúns factores que inflúen na estabilidade da participación



A adaptación asociativa á realidade cambiante.

As organizacións nacen en torno a obxectivos ou realidades sociais que van modificándose. A capacidade de adaptar a súa situación a novos problemas, protagonistas, necesidades ou intereses, depende en boa medida da súa capacidade para analizar a realidade e ir adaptando as súas propostas.



⇒ Realiza a organización análises permanentes sobre a realidade onde traballa, avaliando se a súa actuación é a máis axeitada dentro dela?

β A planificación, regulando a ambición, de metas e obxectivos.

Como acadar os logros é un bo factor de motivación. Primeiro hai que ir planificando as actuacións e, despois, hai que facelo coa ambición de quen desexa realizar cambios posibles en prazos axeitados.

Cando se planifica ⇒ pénsase en que deben realizarse e polo tanto, modéranse os obxectivos para que sexan posibles? Todos os actores implicados (políticos, técnicos, implicados en xeral), coñecen realmente o que se pretende conseguir con eses obxectivos?



A vinculación afectiva das persoas que se organizan na entidade.

Unha asociación, unha organización, tamén é un espazo de relacións persoais que hai que coidar. Na medida en que as persoas se sintan cómodas, apreciadas, valoradas, a súa vinculación coa entidade será máis forte.

⇒ Tense en conta a atención e o coidado ao persoal (remunerado ou non) e ás persoas coas que se traballa coma parte da tarefa organizativa?



A vinculación da actividade asociativa a procesos máis amplos onde se interveña con outras organizacións cara un obxectivo común.

Cambiar realidades tan complexas como as que afrontan as organizacións require de 'miradas' tamén complexas que unha soa organización normalmente, non pode asumir. Organizarse con outras entidades, asociacións, organizacións, para cooperar, é dicir, para actuar en conxunto, é un factor de estabilidade da proposta organizativa e, polo tanto, da participación nela.

⇒ Organízase a nosa asociación, entidade, organización, con outras a partires de obxectivos comúns?, valórase o positivo da cooperación entre actores?, trabállase sobre como mellorar as experiencias de coordinación, colaboración ou cooperación con outras organizacións?



A visualización dos logros obtidos coma factor de motivación para buscar outros novos.

Dar a coñecer o que se vai conseguindo é un factor de motivación pero tamén, de estabilidade da participación. As persoas organízanse para ser eficaces nos seus obxectivos, así que, se o son, convén facelo visible.

⇒ Hai unha boa política de comunicación das actuacións e os logros da nosa organización?, vemos o que se vai conseguindo e o comunicamos por sistema a todos os actores interesados?



A existencia de diferentes espazos de participación na organización onde persoas de áreas e responsabilidades diversas relaciónanse e toman decisións.

Sería un erro pensar que todas as persoas implícanse e participan do mesmo xeito e sempre igual. Ao longo da vida asociativa, a mesma persoa pode incorporarse a espazos diferentes da organización e tamén, decidir sobre diferentes niveles de implicación na mesma. Asegurar que non se exclúe a ninguén e, moi pola contra, xerar espazos de participación diversificados, é un factor que influirá no feito de que máis persoas podan sumarse ao proxecto asociativo e, ademais, de que podan facer compatibles as súas expectativas cambiantes no tempo.

⇒ Conviven na organización diferentes niveis e espazos de participación?, aceptamos con facilidade que as persoas cambien o seu grao de implicación coa organización? e, facilítanse propostas de vinculación á organización?

Táboa 6: Para pensar sobre a sustentabilidade da participación.

2. XERANDO CONDICIÓNS NUN PROCESO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL DUN GRUPO DE PERSONAS

- A. Visualizar a identificación: que cuestións se comparten
- B. Aumentar a consciencia
- C. Identificar obxectivos e estratexias comúns, innovando nas respostas
- D. Traballando en procesos sostibiles



Aínda tendo en conta a dificultade de delimitar os condicionantes, si pode falarse de xerar condicións. As organizacións sociais poden crear as condicións para a participación social das persoas coas que traballan. Para que, quen participa recoñézase e sexa recoñecido coma “axente de transformación social”.

Dende esta Guía, apóstate por algunhas de elas: visualizar a identificación, isto é, que cuestións son compartidas; aumentar a conciencia para activar a participación social e cidadá; identificar obxectivos e estratexias comúns innovando; e traballar por procesos sostibles.

A. Visualizar a identificación: que cuestións se comparten?

Buscar un obxectivo común é posterior a coñecer unha realidade común. Pero coñecer non é sinónimo de querer cambiar. A participación esixe procesos de toma de conciencia da realidade colectiva e que, ademais, esa toma de conciencia sexa crítica.

Necesariamente isto irá practicamente **en paralelo ao feito de tomar –e aumentar– a conciencia sobre o contexto que se comparte** e a posición que cada persoa ten en dito contexto. Deste xeito os factores que poden impulsar a identificación serviranos á vez para impulsar a toma de conciencia sobre o colectivo.

Coñecerse e coñecer a cada persoa, identificar elementos en común (necesidades, expectativas ou intereses), e identificar capacidades complementarias son os pasos fundamentais para constituír unha rede de valor entre persoas e chegar a compartir recursos (espazos, información, infraestruturas) e decisións.


Unha rede de valor ten dous piares básicos: a confianza entre os seus membros e a metodoloxía para a súa construción e sustentabilidade.

Propiciar o diálogo e o encontro a partires de necesidades, expectativas ou intereses comúns será o primeiro paso. Neste momento, e no resto do proceso, será pre-



ciso traballar sobre como xerar confianza entre as persoas de cada grupo, entre cada persoa e a organización, cos distintos actores, etc. **A confianza debe servir para aprender con outras persoas, sen temor polos erros, moi pola contra, utilizándoos.**

Isto permitirá pasar por un proceso persoal e organizativo que vai dotando a esta rede de participación de valor; por exemplo a través de cinco etapas:



Pistas para pensar dende a organización		
Etapas	Compoñente	Valor requirido
Reconecemento Visualización	Reconecemento do espazo e da existencia do outro coma persoa e coma participante - acompañante no proceso.	Aceptación
Coñecemento	Coñecemento do que a outra fai coma persoa e en relación ás situacións que teñen en común, as súas necesidades, expectativas e intereses.	Interese
Colaboración	Procúrase “identificar” obxectivos comúns sobre os que traballar ou prestarse axuda esporádica.	Reciprocidade
Cooperación	Proponse “compartir” actividades e/ou recursos.	Solidariedade
Asociación	Proponse “investir” recursos (usualmente económicos pero poderían ser doutro tipo) en obxectivos, actividades e/ou proxectos.	Confianza

Parcialmente modificado de Teja, Trueba Espinosa e Moctezuma Medina, (Universidad de México, 2008)

Táboa 7: Cinco etapas para xerar redes de valor entre persoas

Trátase de facilitar a toma de conciencia dende a necesidade dun ben común, ou coma se insiste nunha publicación de EAPN, é a toma de conciencia para “revelar os esquemas de poder” (REAPN, 2006).

“Vivir na cidade, sentirse cidadán, implica coñecer e practicar os valores da sociabilidade. Haberá que ver cales son eses valores e como se inculcan, pero, en xeral, podemos dicir de entrada, que non son senón aqueles que deben contribuír a establecer un interese común máis aló dos intereses particulares. Esa vinculación co que é común, co que é de todos, e o compromiso coa convivencia, o respecto mutuo, a solidariedade activa cos menos favorecidos, e non se fará realidade se os cidadáns non contribúen a que así o sexa” (Camps V. 2007).

Un exemplo

Unha fundación membro dunha das redes autonómicas de EAPN-Es xestiona un centro de educación e internamento por medida xudicial, cuxa titularidade corresponde ao goberno da Comunidade Autónoma.

A actuación trata da organización dun equipo de fútbol. A participación no equipo está aberta a todos os menores do Centro. O aliñamento varía en función da situación xudicial dos menores e das propias necesidades del equipo. O aliñamento compóñeno, ademais do persoal técnico, o redor de trece mozos entre 14 e 23 anos de idade, de sexo masculino e cunha orixe étnica - cultural moi diversa (españóis e estranxeiros). Participaron, durante a com-

petición 07-08, máis de 25 internos.

A participación nun equipo de fútbol permite traballar certos obxectivos educativos fixados para os menores dende un plano distinto ao do internamento, sobre todo para aqueles que durante un tempo non poden realizar actividades externas libres. O obxectivo principal é ofrecer un contexto controlado de relación con persoas da contorna exterior, normalizado que pode ser manexado coma un instrumento de reinserción social.

Cos menores internos preténdese desenvolver un espírito de traballo colectivo, a asunción da responsabilidade e disciplina necesarias nunha actividade de equipo e a aceptación dunha resolución arbitral de conflitos.

Por outra banda, e a nivel comunitario, preténdese achegar á sociedade unha realidade que habitualmente permanece oculta. O equipo xoga cada semana con equipos do exterior.

O nome do equipo foi decidido entre os participantes. Os internos deseñaron uns logos que figuran nas súas camisetas. O nivel de implicación dos menores na experiencia foi elevadísimo dende o principio. Tras xurdir a idea na primavera do 2007, comezáronse os trámites para a legalización e inscrición do equipo e iniciáronse reunións cos menores, o equipo educativo e os técnicos deportivos para establecer a normativa de adestramentos e de participación. No verán do 2007 iniciáronse os adestramentos.



As baixas prodúcense coma consecuencia da posta en liberdade, as vacantes van sendo ocupadas por novos internos. A todos os xogadores sufráganselle os gastos da ficha deportiva, e eles comprométese a pagar dito importe se quixeran abandonar o equipo por outras causas.

Unha empresa do concello convértese no primeiro patrocinador do equipo xunto co Instituto de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma.

Adestran unha vez por semana baixo a dirección do monitor deportivo do centro e un técnico deportivo voluntario externo. Para moitos menores a celebración dun encontro supón desenvolver unha actividade no exterior por primeira vez en varios anos. Tamén é a primeira vez que poboación do entorno exterior, sen relación algunha co centro, accede (como público do equipo visitante) a un espazo xeralmente restrinxido.

A Liga rematou en abril de 2008, e despois o equipo participou na Copa celebrada en

maio e xuño. Na actualidade o equipo participa na Liga que comezou en setembro do 2008.

Dada a situación xudicial dos menores internos no noso centro, a principal dificultade estriba en dispoñer do número necesario de xogadores para disputar os encontros celebrados en campo contrario, isto é, no exterior. Dende os Xulgados de Menores, e previo informe positivo da Dirección do centro, autorízanse permisos de saída ao exterior a tal efecto.

O traballo do equipo faise visible rapidamente: o xogo tórnase menos individualista, máis ordenado e deportivo. Finalizamos a Liga 2007-08 ocupando o segundo posto no ranking de deportividade.


Amosou ser unha potente ferramenta á hora de abordar o traballo educativo orientado á reinserción social dos menores internos no noso centro. Por outra banda, e a nivel comunitario, contribuíu a xerar unha visión menos estereotipada da complexa realidade social que estes menores representan.

B. Aumentar a consciencia. Analizar o contexto, a situación e posición de cada persoa ou colectivo, para activar a participación social e a participación cidadá

A adopción universal dunha actitude científica pode facernos máis sabios: faríanos máis cautos, sen dúbida na recepción de información, na admisión de crenzas e na formulación de previsións; faríanos máis esixentes á hora de contrastar as nosas opinións, e máis tolerantes coas de outros; faríanos máis dispostos a inquirir libremente novas posibilidades, e a eliminar mitos consagrados que só son iso: mitos; robustecería a nosa confianza na razón contrastada pola experiencia; estimularíanos

para planear e controlar mellor a acción, a seleccionar os nosos fins e a buscar normas de conduta coherentes con eses fins e co coñecemento dispoñible, en vez de dominadas polo hábito e pola autoridade; daría máis vida ao amor á verdade, á disposición para recoñecer o erro propio, á procura da perfección e a comprender a imperfección inevitable; daríanos unha visión do mundo eternamente nova, baseada en teorías contrastadas, en vez de na tradición, que fuxe tenazmente todo contraste cos feitos; e animaríanos a soster unha visión realista da vida humana, unha visión equilibrada, nin optimista, nin pesimista.

(Mario Bunge, cited by Ezequiel Ander-Egg (1983))



Aumentar a consciencia sobre cuestións compartidas vai en paralelo ao establecemento de obxectivos e das estratexias comúns que xorden neste proceso, e cuxa posta en marcha dependerá dos métodos escollidos. Os dous métodos clave que imos referir nesta Guía son a **educación popular e os métodos participativos de investigación acción**.

Hai que ter en conta que os métodos son o vehículo que nos axuda a conducirnos cara o noso obxectivo, pero que en ningún caso, deben converterse nun fin en si mesmo.

A popularización dalgunhas metodoloxías perverteu o seu uso, e nalgúns casos parece que esquecemos cal é o noso obxectivo; a metodoloxía que empregamos



para chegar a el é iso, só un método con instrumentos.

Os métodos ou enfoques participativos

Os métodos ou enfoques participativos que existen son numerosos. A meirande parte xurdiron ao redor dos anos 70 en relación a proxectos de cooperación internacional que procuraban o desenvolvemento (e en ocasións o empoderamento) das comunidades locais e que tendían agruparse coma Participatory Learning Action. Este é o motivo polo que moitos levan a etiqueta de rural, aínda que na actualidade se apliquen tanto a contextos rurais como urbanos. Teñen diferentes niveis de participación popular.

Practicamente todos eles unen a diagnose ou avaliación dunha situación (investigación) coa planificación, e nun menor número, únense ao desenvolvemento das accións pola propia comunidade (community organizing), e tamén en menor medida vinculábanse ao seguimento permanente. Con todo, foron evolucionando ao longo das décadas, e foise innovando en torno a eles. Hoxe en día considérase que os métodos ou enfoques máis efectivos son aqueles que implican diagnose, deseño, execución (acción) participativa, seguimento e avaliación dende a participación, Investigación Acción Participativa (IAP). Ademais da IAP, algúns dos máis coñecidos son (Pérez de Armiño, Dir. 2000):

 Análise participativo da pobreza (APP)

 Diagnóstico Rural Participativo (DRP)

 Seguimento e Avaliación Participativos (SEP)

Análise participativo da pobreza (APP)

De acordo co Dicionario de Acción Humanitaria e Cooperación para o Desenvolvemento, este método ideado polo Banco Mundial (*Participatory Poverty Assessment, PPA*), utiliza á súa vez diferentes enfoques participativos, coma o Diagnóstico Rural Participativo e o Diagnóstico Rural Rápido. Oriéntase á obtención de información para o deseño de políticas gobernamentais, nas que os beneficiarios das mesmas expoñen as súas perspectivas e coñecementos, e involúcranse no proceso de investigación e na análise dos resultados, en lugar de ser tan só entrevistados por un investigador externo ao que lle dar a información (Pérez de Armiño (Dir.), 2000)

Diagnóstico Rural Participativo (DRP)

O DRP (ou *Rapid Rural Appraisal, PRA*), posibilita a participación local en todas as fases do proxecto, e pon a énfase no empoderamento das persoas. Agrupa diversas técnicas orientadas a que a poboación local analice a súa realidade, exprese os seus problemas e prioridades, e utilice a información para levar a cabo o deseño, execución, seguimento e avaliación dos proxectos. Busca dar voz á poboación vul-

nerable e propiciar un proceso para o seu empoderamento. O Diagnóstico Rural Rápido (DRR), que lle precedeu, utilizábase só para recoller información por parte de especialistas externos. (Pérez de Armiño, Dir. 2000)

Seguimento e Avaliación Participativos (SEP)

Este método²³, contribúe á aprendizaxe da poboación, ao desenvolvemento das súas capacidades e ao seu empoderamento. Ten catro principios básicos:

1. Participación: incluír á poboación no deseño do proceso e na análise dos datos, sendo esta a principal diferenza respecto aos sistemas convencionais.
2. Aprendizaxe, sobre todo práctico, coma fundamento para a mellora e a acción correctiva continuas.
3. Negociación entre o maior número de persoas implicadas, para consensuar que debe ser obxecto de seguimento e avaliación, como e cando se recollerán os datos, que significado ten a información, como compartir os resultados e que accións emprender.
4. Flexibilidade no proceso, para adaptarse aos cambios nos beneficiarios (número, papel, coñecementos) e na súa contorna.

Aínda que o SEP responde a diversas finalidades, destacarían as seguintes:

- a) Estimación do impacto, para comprobar se os logros alcanzaron os obxectivos identificados, se estes seguen a ser relevantes e se se empregaron as mellores estratexias de acción.
- b) Mellora da planificación e xestión do proxecto de cara ao futuro, reflexionando sobre a experiencia.
- c) Fortalecemento organizativo e aprendizaxe institucional: a auto-avaliación permite o incremento das capacidades organizativas das persoas, o que contribúe a promover a sustentabilidade, a posibilidade de réplica e a eficacia dos esforzos de desenvolvemento.
- d) Articulación e negociación de perspectivas: dá pé a que cada cal presente as súas necesidades, intereses e expectativas, e a que, a partires de aí, podan desenvolver estratexias e accións conxuntas.
- e) Incremento da rendición de contas da cooperación: a poboación realiza un seguimento e avaliación do traballo, estimulando a responsabilidade pública ou rendición de contas (accountability) cara os beneficiarios.

Aínda sabendo que a **Investigación - Acción - Participativa** é un método complexo, enmarca ben cal sería o modelo ideal que se propón dende esta Guía.

O seguinte resumo está tomado de forma case literal do Dicionario Crítico de Ciencias Sociais (2004)²⁴. (Na bibliografía exis-

²³ (Pérez de Armiño (Dir.), 2000)

²⁴ (Román Reyes (Dir), 2004)



ten varias referencias sobre o desenvolvemento desta técnica).

Investigación – Acción Participativa, un modelo

“O fío condutor da IAP debe exporse coma un proceso cíclico de reflexión -acción - reflexión, no que se reestrutura a relación entre coñecer e facer, entre suxeito e obxecto de xeito que se vaia configurando e consolidando con cada paso, a capacidade de autoxestión dos implicados

- Etapa inicial

O problema a estudar xurde da propia poboación implicada, aínda que xeralmente é precisa a actuación dun grupo promotor (asociación, axencia de desenvolvemento, equipos de Traballo Social ...) ao redor do cal podan reunirse e tratar o problema. Pode comezarse cunha reunión ampla de negociación e implicación dos promotores na que se lanza a idea do proxecto. Prodúcese así a toma de contacto dos investigadores coa comunidade e con membros significativos que podan tomar parte activa.

É tamén o intre no que debe abrirse a investigación cara sectores máis amplos para realizar un auto- diagnóstico, identificar o problema, delimitar o seu alcance, dimensionalalo. Xurdirán múltiples dificultades, moi especialmente, as que a cotío terán os propios participantes para a expresión e definición do problema. Esta situación pódese desbloquear mediante diversas téc-

nicas ou actividades facilitadoras coma o teatro popular, audiovisuais, entrevistas en grupo, que ademais van creando espazos e perspectivas compartidas que producen xa de seu, reflexión. O investigador convértese nun axente facilitador, nun recurso técnico, deixando que actúen coma organizadores as persoas da comunidade que teñen as súas propias formas e recursos organizativos. Estes preséntanse así coma investigadores activos, coma suxeitos da investigación, non coma meros subministradores de información.

- Estruturación da IAP: negociar para construír o programa

Nesta fase preténdese crear un esquema básico onde se recollan propostas de actuación concretas. Este debe responder polo menos a tres obxectivos (López de Ceballos, 1987: 72): ligar a investigación á acción; asegurar a coherencia entre o que se busca e o que se quere facer; acadar un esquema de IAP sinxelo, utilizable por grupos de base.

Hai que definir dende os grupos que accións vanse levar a cabo e de que maneira. De novo recorremos ás reunións cos sectores implicados para negociar cales serán as estratexias de actuación. É importante non perder de vista que a finalidade principal é reforzar as potencialidades del propio colectivo, tanto no nivel do coñecemento coma no da acción (IOE, 1993). O investigador xoga un papel importante no senso de poñer á súa disposición difer-

entes técnicas de recollida, produción e análise da información; de transmitir ferramentas de traballo operativas de xeito que resulten alcanzables e facilmente manexables polos membros da comunidade. É preciso entón levar a cabo un adestramento para a elaboración de cuestionarios, instrumentos, habilidades de quen recollerá a información, etc.

Así mesmo, as técnicas a empregar tamén van vir definidas polo tipo de análise que vaíamos realizar. Son válidas todas as que inclúan ao suxeito e que non se escapen, coma xa sinalamos, dos recursos técnicos e materiais dos implicados na IAP. Son útiles tanto as técnicas cuantitativas como as cualitativas; dende as enquisas ata os grupos de discusión, os documentos persoais, bibliográficos, etc. Non desdennaremos ningunha técnica sempre que esta poda ser útil, e o son especialmente todas as que facilitan a relación, o intercambio, o diálogo, a participación, en definitiva a comunicación entre iguais. Faise énfase nas que faciliten a aparición dos aspectos inter-subxectivos da relación entre entrevistado e entrevistador. Iso si, hai que observar que non se utilicen técnicas que requiran análise estatística moi complexa posto que entón precisaremos expertos externos, xerándose resultados dificilmente comprensibles por todos. Aínda habendo algún experto no grupo, isto suporía unha especialización e unha división do traballo que podería crear situacións de dependencia e poder. En palabras de Park (1992:156): "este aspecto da IAP serve para desmitificar a

metodoloxía da investigación, e poñela nas mans da xente para que a usen como instrumento de adquisición de poder. Se obtén éxito, a capacidade de investigar cientificamente os problemas da comunidade convértese nunha característica permanente da mesma, que pode volver ser usada unha e outra vez sen necesidade de contar con expertos".

Na IAP sucede entón, o contrario que nas investigacións convencionais, atopámonos con que o asunto da validez depende da empatía dos suxeitos co fin da investigación comprendendo plenamente a intención das preguntas y desexando dar a información precisa do mellor xeito posible.

- Desenvolver e avaliar o realizado

Por en marcha as técnicas ten unha dobre finalidade: por unha banda facilitar información para outros sobre feitos concretos, e pola outra, producir coñecementos interpersoais e auto-coñecemento (encontros para o diálogo, Park). Pero para que verdadeiramente poda darse a participación, é preciso que a información estea circulando constantemente, e en todas as direccións.

A análise dos resultados deste proceso axudaranos a comprender mellor a natureza dos problemas, pero tal e coma indicábamos máis arriba, xa están producindo acción de seu, están xerando temas para a reflexión colectiva (uso colectivo dos resultados ou volta da infor-



mación á comunidade), ligando a investigación á acción, o coñecemento e a práctica.

En calquera caso, a pesares dos intentos de sistematización ou de captura que queiramos facer propoñendo fórmulas, todo este camiño debe debuxarse coma algo moito máis artesanal que tecnolóxico. Villasante resume cun lema as achegas que a metodoloxía da IAP debería facer ás Cien-

cias Sociais: "sobre cómo os movementos populares son analizadores e xeradores de metodoloxías para as ciencias sociais, e como non deberían deixar que estas dexeneraran en técnicas que se auto-mitifican, senón que deberían seguir como prácticas que implican unha episteme (dende, por e) para as solucións operativas que precisan os sectores populares". (Villasante, 1994: 424)".

A continuación resúmense as principais características dos enfoques máis coñecidos segundo Pérez de Armiño (2000)

Características dos principais enfoques participativos			Pistas para coñecer dende a organización		
	Investigación - Acción Participativa	Diagnóstico Rural Participativo	Seguimento e Avaliación Participativos	Análise Participativo da Pobreza	
Cando xurde	1970	end 1980	1990	1990	
Onde xurde	Universidades	ONG (e universidades)	ONG	Banco Mundial	
Principais usuarios	ONG, universidades	ONG, axencias internacionais	ONG, axencias internacionais	Banco Mundial	
Obxectivo	Educación, empoderamento	Empoderamento	Estudio do impacto	Avaliación de pobreza nacional	
Orientado a	Proxecto de desenvolvemento local	Proxecto de desenvolvemento local	roxeito de desenvolvemento local	Políticas de pobreza	
Principais actores	Poboación local	Poboación local	Poboación local	Combinación de externos e locais	
Principais Técnicas	Combinación de técnicas (Diagnóstico Rural Rápido / Participativo, etcétera)	Visuais	Combinación de técnicas (Diagnóstico Rural Rápido / Participativo, etcétera)	Combinación de técnicas (Diagnóstico Rural Rápido / Participativo, técnicas convencionais)	
Resultados	Programas, proxectos	Acción local sostible e institucións	Avaliación do proceso do proxecto	Valoración da pobreza a nivel nacional	
Principal Innovación	Combinación de análise, educación, empoderamento, participación e acción	Conduta Comportamento	Contribución da poboación local para determinar indicadores de éxito	Escala nacional e combinación con métodos convencionais	
Recurso clave ignorado previamente	Capacidades e coñecemento local	Capacidades da poboación local	Percepcións da poboación local sobre o impacto	Coñecemento local para mellorar políticas nacionais contra a pobreza	

Táboa 8. Características dos enfoques participativos máis coñecidos



Este “aumentar a consciencia”, ten unha relación directa coa **educación das persoas adultas**, e nese senso, propónse a metodoloxía da educación popular como a máis oportuna.

Como xa se mencionou ao principio deste apartado, o segundo método polo que se inclina a Guía é a educación popular.

Que propón a metodoloxía da educación popular?

É un enfoque que entende a educación coma un proceso participativo e transformador, no que a aprendizaxe e a conceptualización baséanse na experiencia práctica das propias persoas e grupos. Partindo da auto- concienciación e comprensión dos participantes respecto aos factores e estruturas que determinan as súas vidas, pretende axudarlles a desenvolver as estratexias, habilidades e técnicas necesarias para que podan levar a cabo unha participación orientada á transformación da realidade. As orixes desta corrente atópanse nos anos 60 nas achegas do educador brasileiro Paulo Freire. (Pérez de Armiño, Dir. 2000).

Paulo Freire (1991-1997), dicía de si mesmo que era “substantivamente político e pedagogo só de xeito adxectivo” (Freire, 1993). A persoa, di Freire, non é un obxecto, como a roca ou a árbore, senón que ten a posibilidade de situarse ante o mundo como suxeito: admirarse, comprendelo, establecer relacións conscientes e mediante o seu traballo e a súa acción creadora, transformalo. “A educación como prác-

tica da liberdade - escribe Freire (1969) - ao contrario daquela que é práctica da dominación, implica a negación do home abstracto, illado, solto, desligado do mundo, así como a negación do mundo coma unha realidade ausente dos homes”. A proposta da educación popular polo tanto, pretende provocar un proceso de ensino - aprendizaxe coa raíz no saber das persoas, sobre o cal constrúense saberes acerca do mundo:

O respecto ao saber popular implica necesariamente o respecto ao contexto cultural. A localidade dos educandos é o punto de partida para o coñecemento que se van creando de mundo. O “seu” mundo, en última instancia, é o primeiro e inevitable rostro do mundo mesmo. (...) O respecto a eses saberes insírese nun horizonte maior: o horizonte do contexto cultural, que non se pode entender fóra do seu corte de clase, incluso en sociedades tan complexas nas que a caracterización dese corte é menos doada de captar. (Freire, 1993)

E coma engade o propio Freire noutros momentos da súa obra, unha realidade que tampouco pode entenderse fóra do corte de xénero.

Na lectura actual da educación popular, fálase de contrapoñer a produtividade mediata da educación, coa súa produtividade inmediata:

Produtividade mediata da educación: busca coma resultado a formación de per-

soas con capacidades para xerar relacións sociais cualitativamente distintas das de poder - opresión, relacións produtivas dende o punto de vista do traballo, a ecoloxía, a paz, a igualdade, a vivenda e a saúde, así como a produción de saberes cuxa cualidade de inespecíficos e xerais faga posible a súa transformación, medida por cada persoa, e situada nas condicións de cada ser e cada grupo humano.

Pola contra, a **produtividade inmediata** inscríbese nas condicións xerais da produción capitalista e de mercado, así coma nas condicións técnicas, administrativas e políticas que valoran a educación polos seus resultados na formación de traballadores e non traballadores con saberes inmediatamente aplicables a dita produción. (Cabello, 2006 - citando a Gramsci, Frigotto y Tiriba-).

Explica Javier Encina²⁵, que nos espacios de sociabilidade, coma poden ser os formativos, interactúan dous procesos: de construción, a partires do que cada persoa trae como resultado da súa vida e da súa experiencia, que marca como é a “identificación cos outros e fronte aos outros” e, “dota aos individuos e colectivos dunha serie específica de pautas de comportamento e pensamento”; e de deconstrución porque cada persoa e cada colectivo, “desmonta parcialmente, reformula e asimila de forma selectiva, as denominadas cultura oficial, ou dominante, e a cultura de masas. A primeira defínese polo seu carácter oficial e a segunda, por seres o resultado da produción e o consumo estandarizados”.

Deste proceso, de construír e de deconstruír, confórmanse redes culturais e elaboracións colectivas que inciden en como cada persoa e cada colectivo, actúa na sociedade.

Algunhas técnicas participativas

As técnicas específicas que utilizan todos estes métodos son moi numerosas, previamente á súa utilización requiren que a persoa dinamizadora ou facilitadora das mesmas adquiera un coñecemento axeitado do seu uso (ver bibliografía). Algunhas teñen que ver coa dinamización do grupo ou co aumento da confianza entre os seus membros para continuar o traballo (técnicas de presentación, de animación, de cohesión, etc.) outras, coa recollida de información ou a análise ou valoración dunha información (técnicas escritas, orais, dramatizadas, debuxadas, audiovisuais, etc.).

Algunhas das máis coñecidas son:



Técnicas de presentación: presentación por parellas, por tríos, a través de debuxos, etc. O seu obxectivo é xerar confianza grupal e tratar de cohesionar e fortalecer as relacións do grupo, mediante a colaboración de todos os membros.



Técnicas de dinamización grupal e aprendizaxe organizativa: Xogos cooperativos diversos (o seu obxectivo é formar para a organización compro-

²⁵ Javier Encina (Director para a Universidad Libre para la Construcción Colectiva – UNILCO- Palomares del Río – Sevilla-) (Culturas populares y educación de adultos. Análisis desde los discursos: la investigación como praxis social, 2006)



bando as vantaxes da organización no interior dun grupo).



Técnicas para reflectir un tema e axudar á reflexión sobre o mesmo: Tormenta de ideas (supón a expresión de ideas, impresións ou opinións de xeito espontáneo, permitindo obter información sobre un determinado tema); **Rol playing** (simular unha situación na que as persoas participantes adoptan o papel dun personaxe concreto e recrean unha situación. Favorece poñerse no lugar do outro); **Liñas de tempo**, cronogramas, calendarios estacionais, transectos históricos... (serven para situar actividades, historias persoais, episodios... nun momento concreto ou nun ciclo temporal); **Debuxo de mapas** de conceptos, **Elaboración de collages**, etc (Técnicas gráficas de expresión e coñecemento, por exemplo sobre o medio); **Diagramas de fluxo** (representacións gráficas de procesos en relación a múltiples factores. Os símbolos utilizados conéctanse por medio de flechas); **Sociogramas** (expresión gráfica das distintas relacións entre suxeitos que conforman un grupo, ou grupos respecto ás institucións. Revela as relacións e influencias, e as diversas direccións de ditas relacións).



Técnicas para ordenar a información recollida: Matrices, categorización en rangos e en pares (matrix scoring). Ordena a información e a com-

para nunha táboa de varias entradas. Poden asignarse valores contrapostos, para comparala e establecer preferencias; **Diagramas de Venn**, amosan, a través dunha ilustración, a relación entre diferentes grupos de cousas (conxuntos) representados por figuras ovaladas ou circulares.

....

Un exemplo

Unha das entidades membro de EAPN puxo en marcha un proceso de investigación - acción que comeza coa ubicación das sedes dun programa de equipos de barrio, nas propias zonas vulnerables á exclusión. Tratábase de analizar os recursos e espazos existentes ou non do barrio para propiciar novos enfoques de intervención adaptados á realidade detectada, demandas e/ou problemas emerxentes, implicando aos/ás usuarios/as (mozos) nos procesos de mellora, nas solucións aos problemas e/ou necesidades, e na procura de alternativas sociais, educativas e laborais.

Dende o modelo sistémico, analizouse o barrio estudando todos os axentes que o compoñen e a interacción entre eles: coma os recursos socioeducativos existentes, o ocio e tempo de lecer dentro do barrio, a familia e as relacións entre os grupos de iguais... A intervención fundamental desenvólvese en espazos de referencia para os mozos, achegándoos a eles a través de estratexias de intervención, co desenvolvemento de actividades de interese para eles.

O Programa quería ser, e converteuse, nun novo espazo de referencia para o barrio, conquistou, achegou e recuperou os espazos e servizos públicos inutilizados dos que o barrio dispoñía coma lugares de traballo de intervención e desenvolvemento da práctica. Deste xeito, tivo un especial impacto na pista deportiva do barrio. Os principais logros detectados neste espazo foron:



Recuperación e mantemento deste espazo que estaba degradado, os mozos cos que se intervén, son os encargados da recuperación e mantemento do mesmo.



Utilización da pista para

- a práctica deportiva dos mozos e mozas cos que se está traballando.
- espazo de convivencia, xa que o utiliza a veciñanza dos barrios para practicar actividades deportivas, así coma de lugar de encontro.
- actividades comunitarias coma por exemplo “Cine de barrio”, favorecendo a convivencia entre distintas culturas e xeracións que residen nos barrios.
- Celebracións relixiosas da Comunidade Evanxélica.

Ademais obtivéronse impactos significativos noutros espazos coma o casco anti-

go, instalacións deportivas do concello, centro social, centro cultural, centros educativos, zonas verdes, empresas, etc.

Un exemplo

Este traballo é dunha das entidades membro dunha das redes de EAPN que traballa con poboación de etnia gitana. A raíz da xestión dun programa de subvencións dunha entidade bancaria no que se tramitan axudas económicas en concepto de alimentación e hixiene para menores de 0 a 3 anos de idade, detectouse a necesidade dun estudo en profundidade das circunstancias de cada familia, e a dotación de ferramentas para o óptimo aproveitamento de ditas axudas.

O que comezou sendo só un traballo puntual dirixido á tramitación destes servizos, estase a converter nun programa e experiencia motivadora para beneficiarias e técnicos, onde a participación e implicación dos diferentes grupos de nais que forman parte do proxecto, son os protagonistas. O proxecto pretendía, a través de “sesións de traballo” como proceso educativo, varios obxectivos:



aportar información sobre unha correcta alimentación para os seus fillos e as súas familias.



Promover a experimentación directa con alimentos de nais e fillos dentro dun espazo educativo para ambos.



Creación e xestión de coñecemento compartido na alimentación (seguridade e hixiene) e a nutrición.



Dotar dun espazo no cal se recoñece o seu valor dentro do seo familiar e da súa cultura.



Eficiencia na utilización dos recursos económicos familiares.



Intervención directa na área de Promoción e Prevención da Saúde.




Facilitar ferramentas para a adquisición de habilidades sociais.

C. Identificar obxectivos e estratexias comúns, innovando nas respostas

A primeira posta en común dentro dunha organización ten que ver co propio posicionamento da participación coma proceso, e ser consciente das súas barreiras. É algo que debería ser previo á toma de conciencia dos grupos de participantes.

Despois requirirá aplicar as técnicas de planificación que se decidan levar a cabo segundo a metodoloxía participativa que se estea seguindo (ver apartado anterior), e en relación a isto comprender os elementos de innovación que facilitarán o cambio na organización e no xeito de tratar as necesidades ou problemas sociais.



Posicionamento da participación coma proceso

Isto supón ter en conta unha serie de implicacións (Chambers, 1994) que deben de abordarse dende unha pregunta clave

sobre como, a nosa entidade, está situando a Participación.

Para isto é preciso ver **cal é a situación da organización** respecto á participación coma proceso, o que supón:



Ilustración 14. A participación coma proceso. Baseado en Robert Chambers 1994.

Todo o anterior implica necesariamente asumir o reto de visibilizar e transformar aos “usuarios / beneficiarios” en “participantes”, dentro da acción e dentro da organización (xestión), (ver ilustración 9). O que á súa vez require das dúas compoñentes que se describen nos epígrafes anteriores: visualizar a identificación e aumentar a consciencia. Para que quen participa, recoñézase e sexa recoñecido coma “axente de transformación social”.

Unha vez asumido isto, o propio proceso de investigación e de educación na acción, facilitará a procura dos graos de identidade entre, as preferencias e prioridades individuais, e as necesidades colectivas.

Un exemplo

Unha entidade membro de EAPN que, entre outros temas, traballa a inserción sociolaboral, ten algúns programas nos que trata



de aplicar un enfoque parcialmente participativo:



No deseño do programa:

- Os cuestionarios de satisfacción das actividades realizadas con anterioridade, serven para adaptar algúns aspectos do programa.
- Nalgunhas asembleas locais empezan a organizarse reuniónes periódicas cun grupo de participantes para deseñar accións, principalmente de sensibilización.
- Os grupos de discusión son outra ferramenta de participación que comeza a implementarse.



No desenvolvemento do programa

- As sesións de orientación individualizada e en grupo serven para recoller suxerencias da persoa en relación ao programa.
- Mecanismos coma o buzón de suxerencias serven tamén para a recollida de opinións.
- Os propios participantes toman un papel activo na difusión do programa.

- Flexibilízase o itinerario en función dos axustes que os propios participantes van facendo.
- Nos espazos de búsqueda de emprego, debido á súa flexibilidade, permiten o intercambio, debate, contraste de opinións e experiencias, logrando que os participantes sexan moito máis protagonistas no desenvolvemento do seu itinerario.
- Os participantes tamén participan dando información de empresas que buscan traballadores.
- Cada vez hai máis participantes que colaboran coma voluntarios.



Na avaliación do programa

- Avalíanse as actuacións a través de cuestionarios de satisfacción.

Nas sesións individuais recóllese moita información que serve de avaliación do programa.

Algunhas das barreiras que mellor se identificaron nas estruturas á hora de aplicar un enfoque participativo nunha organización, son as seguintes:

Pistas para pensar dende a organización

Identificando barreiras ante os enfoques participativos

- ☒ A falla de vontade do persoal directivo, e o uso de etiquetas de “participación” sen contido.
- ☒ A toma de conciencia sobre a perda de poder na toma de decisións, por parte dos actores máis tradicionais.
- ☒ Os estereotipos do persoal técnico, sobre todo respecto ás capacidades das persoas participantes e o logro de resultados.
- ☒ As prisas por acadar resultados no curto prazo.
- ☒ A idea de rendición de contas, e a orientación cuantitativa dos resultados, fronte á valoración de logros como avances.
- ☒ O mito do proceso “auto- sostido”, fronte ao esforzo dunha estratexia baseada en compoñentes sostibles e de dedicación permanente.
- ☒ Antepoñer a aplicación de “manuais” “métodos” e “técnicas”, á aplicación do bo xuízo e dunha diagnose da situación real da organización.
- ☒ A dificultade de acceder a espazos de participación fóra da organización (por exemplo coas administracións públicas, sobre todo locais).
- ☒ A limitación que supón un financiamento intermitente que interrompe procesos e garante a continuidade das actuacións.

Táboa 9. Barreiras aos procesos de participación.

Diálogo e confianza poden permitir xerar propostas innovadoras, entendendo a innovación como un proceso cultural educativo que xere dinámicas de desenvolvemento, e que ten as seguintes características:



Pistas para pensar dende a organización

Para pensar sobre a innovación nos procesos

☑ Innovación supón transformación e cambio cualitativo significativo, non só a mellora do axuste do sistema vixente. Non se trata polo tanto de actualizarse, senón de acometer novas formas de abordar os problemas ou as necesidades

☑ Innovar implica un cambio de concepción e de práctica.

☑ Innovar non é necesariamente inventar, pero si algo novo que propicia un avance cualitativo. Pode ser un cambio de modos de facer, pode ser un cambio de modos de relacionar os mesmos elementos, pero en todo caso, o novo pode entenderse como unha creación para quen o está aplicando.

As veces, non hai que ser orixinal senón aprender dos precedentes para avanzar. O novo definido en función dunha situación determinada e en relación co antigo.

☑ Innovar é algo intencionado e en consecuencia, planificado. Iso diferencia un proceso innovador dun cambio en termos xerais.

Pero tal planificación debe asumir unha compoñente de flexibilidade e unha dose de incerteza. A complexidade da realidade impide procesos cerrados de planificación.

☑ Innovar non é un fin, senón un medio. Debe servir para mellorar a eficacia e a calidade dos procesos de cambio.

☑ Innovar implica aceptar e apropiarse do cambio por parte das persoas e dos grupos implicados.

O éxito do proceso atópase na concertación de intereses, de tal xeito que sexa capaz de mobilizar aos actores directos que impulsan o cambio.

☑ Innovar é un proceso aberto e inconcluso que implica reflexión dende a práctica.

Táboa 10: Para pensar: sobre a innovación dos procesos.

D. Traballando en procesos sostibles

O uso da metodoloxía participativa para visualizar a identificación, e sobre todo para aumentar a consciencia permitíranos identificar obxectivos e estratexias comúns.

Sobre os que traballar, e mediante os que activar a participación social e a participación cidadá. Sen dúbida, isto require traballar sobre **condicións de sustentabilidade dos procesos.**

Á hora de reflexionar sobre a sustentabilidade do proceso que se pon en marcha convén cavar nalgúns elementos

Pistas para pensar dende a organización

Para pensar sobre a sustentabilidade dos procesos

A sustentabilidade esixe crear mecanismos permanentes que diagnostiquen e definan as necesidades ou os problemas aos que se enfrontan individuos e colectivos na organización.

Un exemplo:

Traballando en rede con outras organizacións para actuar como observatorio permanente da realidade. Compartindo e difundindo a información á que se accede, realizando análises conxuntos.



Establecendo espazos valorativos dentro das entidades, dentro dos equipos de traballo, nas metodoloxías de traballo cos participantes; que supoñan un ciclo que nos sitúe ao final da intervención na revisión de la situación de partida, para valorar que foi o que se modificou.

Traballando para xerar sistemas fiables de indicadores cualitativos.

A sustentabilidade precisa capacidade para analizar de xeito correcto cada situación ou cada problema.

Precisa adquirir un coñecemento específico

Un exemplo:

Un coñecemento experto (por exemplo o do persoal técnico), non pode substituír ao coñecemento específico da realidade que vive a persoa que é protagonista dun fenómeno social ou dunha problemática. O equilibrio entre o coñecemento específico, e os niveis de reflexión que pode aportar un coñecemento experto favorecen unha dinámica sustentable de análise.

A capacitación no caso de falla de información ou de capacidades, é fundamental. Tamén o é para manter actualizado o coñecemento.

A sustentabilidade precisa capacidades e creatividade para identificar solucións apropiadas e posibles.

Un exemplo:

Coñecer as barreiras do contexto, da propia entidade, e das persoas, é fundamental para chegar a unha solución factible. Ao mesmo tempo, a creatividade aumenta cando se poñen en común as distintas visións sobre o problema, e as preferencias para solucionalo, de persoal técnico, outro persoal experto, participantes, institucións... E xestiónase o coñecemento colectivo de xeito aberto.

Un proceso sostible dótase dun conxunto de procedementos de actuación para unha posta en práctica rápida e segura.

Un exemplo:

Un proceso dótese dunha visión estratéxica cando se apoia nunha coidada planificación, na que os seus recursos humanos están capacitados para implementala con todos os elementos de xestión dunha iniciativa: dende indicadores diagnósticos, espazos de diagnóstico e análise, planificación, sistemas de seguimento, e sistemas de avaliación.

Favorece á sustentabilidade que existan individuos ou equipos con autoridade suficiente para o recoñecemento das necesidades, o tratamento dos problemas, o achado dalgunha solución, e a existencia dun proceso de axuste, mentres o proxecto se está a levar á práctica.

Un exemplo:

O inicio dos procesos debe contar sempre coa aprobación de quen ten a autoridade principal na toma de decisións da entidade, e polo tanto debe contar con espazos de contraste e seguimento.

Dotarse de varios espazos que van aportando perspectivas diferentes é tan fundamental como xerar un mecanismo que coordine tanto os espazos como o que estes producen, e o integre na organización.

Favorece á sustentabilidade que se xere consenso ou apropiación sobre o proceso, un acordo cos seus obxectivos e co modo de executalo.

Un exemplo:

Nunha experiencia identificouse que ao longo dun proceso de coordinación entre asociacións, moitas persoas participantes de organizacións que levaban máis tempo, márchanse cando se incorpora unha asociación nova.

Ocorre porque perden a sensación de avance: volven saír discusións anteriores, non comparten a mesma linguaxe, retómanse aspectos xa moi traballados....

No proceso non se estaba poñendo suficientemente en valor o que se aprende co propio tránsito de incorporacións doutros, e os seus respectivos papeis coma acompañantes (a súa función por exemplo de apoio). Un debate dentro do Grupo de Elaboración de esta Guía pon en valor a importancia de tomar conciencia da necesidade do acompañamento entre os que participan, e de crear espazos de acollida e tránsito para que os ritmos



sexan máis axeitados para os distintos perfís de participantes.

Favorece á sustentabilidade que haxa persoas cualificadas, infraestrutura técnica e de comunicacións, e capital suficiente para desenvolver o proceso.

Un exemplo:

Existen organizacións onde se deixou de contar cos recursos que daban orixe ás experiencias de participación, e non se previron alternativas.

A participación, se faise dependente “dun só” programa e non se vincula ao propio funcionamento da estrutura acaba converténdose nun medio que se asocia a “ cousas ” e non a “ persoas ”. Adoptar a participación como estratexia dentro dunha organización é o xeito mellor de asegurar a súa dotación permanente, e polo tanto, a súa sustentabilidade.

Táboa 11: *Para pensar sobre a sustentabilidade dos procesos.*

3. O PAPEL DAS ORGANIZACIÓNS NA PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS EN RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN

- A. Organizacións educadoras de valores democráticos
- B. Que traballan en rede para influír nas políticas




A. Organizacións educadoras de valores democráticos

Unha das estratexias principais para avanzar nas posibilidades de participación, é **educar para unha cidadanía activa**.

(...) non se reduce a un conxunto de valores cívicos ou éticos; nun senso amplo e inclusivo, comprende todo aquel conxunto de saberes e competencias que posibilitan a integración e participación activa na vida pública". (Bolívar, 2008).

Con este obxectivo estratéxico, calquera actuación que se realice dende unha entidade social pode ter unha compoñente que procure a participación social e a participación cidadá, aínda que non pode eludir unha reflexión interna, dentro da propia organización.



A participación en asociacións produce capital social e eficacia institucional, e algunhas asociacións e estruturas sociais poden xerar compromiso cívico e promover democracias eficaces, tanto polos recursos que mobilizan como polos valores e actitudes que promoven²⁶.

Os graos de participación da poboación nas organizacións son en xeral desiguais, hai moitas variables que inciden: sexo, idade, clase social, nivel educativo, cultura de orixe, etc.

Internamente, a implicación das persoas nas organizacións noméase de diferentes xeitos - militancia, activismo, afiliación,

voluntariado e pertenza, entre outros -, en función tamén de distintos graos de participación, ou de responsabilidade, ou de vinculación, ou de requisitos esixidos.

Para aumentar a incidencia sobre as decisións políticas, a cidadanía organízase. Faino normalmente, en organizacións sociais e políticas, coas que comparte a súa visión da realidade e os obxectivos que perseguen. A vantaxe para o sistema é que as organizacións aportan continuidade e capacidade de predición a procesos sociais que doutro xeito serían episódicos e incertos²⁷. Ademais, as denominadas 'formacións intermedias' adquiren unha gran importancia na produción do benestar.

²⁶ (Putman, 1994)

²⁷ (Wilson 1995) citado por (Ulzurrun, 2001)



O xeito en que dirixen, planifican ou difunden a súa actividade as organizacións, non depende só da función que se asignan, da súa misión ou da súa visión, senón da súa propia dinámica: xorden nun determinado contexto, algunhas desaparecen e outras mantéñense, e transmiten as súas ideas a través da súa comunicación coa sociedade e con outras organizacións, as decisións dos seus dirixentes ou as opinións das persoas que se afilian a elas dun xeito ou outro. Pero en todo isto, os procesos internos dos que se dotan e que conforman a súa cultura organizativa, son elementos de influencia.

A función educadora das organizacións sociais cara a dentro e cara as persoas coas que traballan, pasa por **xerar confianza nos valores democráticos, e nas institucións que os representan**. Contan con elementos de socialización que poden actuar sobre a formación en valores de solidariedade, cooperación ou responsabilidade colectiva. Para que isto sexa posible, tamén a cultura organizativa debe ser coherente:

A democracia require estruturas que democraticen e non estruturas inhibidoras da presenza emancipadora da sociedade civil no comando da res- pública.

(Freire, Política y Educación, 1993)

Calquera actividade pode xerar condicións para a participación social sempre que se

teña presente o obxectivo estratéxico de que as persoas actúen colectivamente no social.

Cultura organizativa... democrática?

A cultura organizativa fai referencia á estrutura das organizacións coma espazos de planificación e toma de decisións, de comunicación e participación, de relacións internas e intra- sectoriais (dentro do Terceiro Sector) e coma espazos para a calidade e o traballo ben feito. (Folia Consultores- Plataforma de ONG de Acción Social 2005).

Ademais, a cultura de organización refírese ao sistema de procedementos e significados que son compartidos polos membros dunha organización, que produce acordos (implícitos ou explícitos) sobre o que é o comportamento significativo de dita organización ou entidade: inclúe valores, hábitos, características de toma de decisións, patróns de interacción entre as persoas, formas de xestión, relacións de poder, etcétera.

Unha organización que queira poñer en marcha unha estratexia de participación transversal na entidade, que queira avanzar sobre a idea de “participación como proceso” e non quedarse na “participación como medio”, debería tratar de afrontar a participación coma algo transversal.

Pistas para pensar dende a organización

Nas organizacións do Terceiro Sector en xeral, “a democracia interna, a participación na planificación, xestión e control das entidades sociais é un obxectivo que podemos chamar superior, é unha das súas misións ou valores engadidos, é un obxectivo permanente (...) que non é unha realidade en moitas asociacións é algo asumido por moitos directivos que salientan criticamente que a participación deixa moito que desexar”

(Rodríguez Cabrero, G., 2003: 376).

Non é xa necesario lembrar que a estratexia e estrutura organizativa das propias organizacións inflúe na motivación cara a participación social das persoas.

Moitas das causas da débil participación atópanse no propio deseño organizativo das entidades. Por exemplo, a falla de renovación nos espazos de toma de decisións ten coma consecuencia: o estancamento de ideas; a competitividade polo poder, e en consecuencia o deterioro da participación, e individualismos e protagonismos que, en

ocasións, crean dependencias de signo político e a perda de capital social (De la Riva, F. 2002:18).

As veces para moitas organizacións, proporse un cambio de modelo na súa xestión e na súa cultura, supón enfrontarse a un verdadeiro **cambio**. Neste senso, non ven mal lembrar que, para que se dean cambios en toda a organización, precísanse tempo e outros recursos, que supoñen requisitos coma os que veñen expresados na táboa do lado.

Pistas para reflexionar

Contamos con recursos para o cambio na organización? Cúmprense algúns dos requisitos básicos? Sobre cales deberíamos comezar a traballar pola súa debilidade, na nosa entidade?



Pistas para reflexionar dende a organización


Alguns requisitos para o cambio na organización

- ☒ Motivación
- ☒ Comprensión do por que e para que
- ☒ Participación de todos os membros da organización en espazos con consenso sobre o alcance da súa capacidade para a toma de decisións
- ☒ Xeración de espazos de reflexión
- ☒ Política interna e externa activa e actualizada de comunicación permanente
- ☒ Actitude de aprendizaxe, desenvolvemento de habilidades
- ☒ Construír alianzas e procurar apoios na contorna
- ☒ Orientación estratéxica.

Táboa 12. *Alguns requisitos para o cambio na organización*

B. Que traballan en rede para influír nas políticas

O traballo en rede, e en xeral a colaboración entre entidades, é fundamental para o cumprimento dos fins das entidades sociais; isto é “os dereitos sociais”, “a inclusión social”, “a xustiza social”, etcétera. Neste senso, o traballo en rede pode ser entendido como “a agrupación de esforzos que parten da propia concepción de *misión* da entidade. Implica compartir a procura de medios, diagnósticos e necesidades, e estratexias de intervención” (Folia, Análisis del Tercer Sector de Acción Social. Resumen de talleres diagnósticos, 2005). A ausencia do traballo en rede dunha entidade social, suporía unha falla de coherencia no desenvolvemento do proceso de participación que quere poñer en marcha.



“Unha forma de coordinación e cooperación entre asociacións, organizacións, movementos, entidades, etc., que se basea na plena comunicación, a participación activa, a organización horizontal e o traballo en equipo. Unha rede está formada por nodos conectados entre si, entre os que se producen intercambios. Esta interrelación entre os nodos fai que cada unha das partes da rede dependa das outras para desenvolverse e medrar” (Navajo Gómez, 2002).

A mera agrupación co obxectivo de resolver conflitos puntuais, por exemplo

coa Administración, ou para a procura de medios (recursos, fondos...), é unha opción limitada e unha visión reducida do que significa o verdadeiro traballo en rede. Ademais, o traballo en rede non é algo específico do departamento de comunicación das entidades, senón que é transversal a todas e cada unha das áreas dunha entidade.

En relación a isto debemos ver o traballo en rede coma o resultado dun proceso longo, que non pode separase da concepción da participación que se está a manexar nesta Guía.

O traballo en rede implica:




Ilustración 15. Implicacións do traballo en rede.



En liña co anterior, habería que considerar unha serie de barreiras a superar, nas que as entidades sociais deberían deterse para

reflexionar se están a darse no seu contexto, e como superalas (Folia, 2005; e Nava-jo 2002):

Pistas para reflexionar dende a organización

Algunhas barreiras para o traballo en rede

- ☒ Falla de transparencia entre as entidades e descoñecemento; desconfianza; competencia – colisión - concorrencia por uns recursos escasos.
- ☒ Falla de experiencia no desenvolvemento e dinamización da propia rede.
- ☒ Problemas de xestión conxunta de proxectos ou programas: especificación e asunción de responsabilidades, problemas á hora de delegar; falla de compromisos ou falla de execución dos compromisos adoptados.
- ☒ Na planificación das entidades non se ten en conta que debe planificarse tamén o desenvolvemento do traballo en rede, hai polo tanto unha cultura organizativa deficiente.
- ☒ Non soe haber persoal co perfil axeitado, e a asunción de responsabilidades en relación con isto soe deixarse á convicción persoal. Falla de asignación de tempos e recursos humanos.
- ☒ No traballo en rede inflúe a diversidade das entidades: ideolóxica, nas formas de traballo, nas políticas e outras cuestións que dificultan o acordo, o consenso (por outra parte, algo que é propio a este Terceiro Sector de Acción Social).

En conclusión, as características ideais (Folia 2005) dunha rede poderían ser:

-  Compartir unha visión entre as organizacións integrantes da rede;
-  Ser transversal a todos os departamentos e traballos de cada organización, e dentro da filosofía das entidades;

 Creación colectiva de coñecemento, sobre unha cuestión social e sobre o Sector de Acción Social;

 Que adopta o principio da diversidade;

 Que adopta o principio de “proceso” coma mecanismo e filosofía de actuación.

RESUMO. LEMBRANDO O PROCESO

A participación pode tomar moitas formas, e corresponderse con moitas etiquetas. A proposta desta Guía foi a de fomentar a idea de proceso continuo, estable e sostible dende as entidades sociais e nas entidades sociais.

Para isto propuxemos unha serie de pistas, e un percorrido, que non é en absoluto lineal aínda que quede así reflectido. (Esperamos que a quen o lea suscítelle o mesmo desexo de mobilización que a quen participamos na súa elaboración).

1. Comprendemos as premisas de partida



Entendemos o noso contexto de actuación e por que é importante a participación:

- Respecto á pobreza, os procesos de exclusión / inclusión;
- Respecto aos dereitos sociais e de cidadanía;
- Respecto ás distintas formas de participación



Situamos a participación coma proceso dentro da nosa entidade:

- Na visión da participación.
- Na visión dos suxeito protagonistas.
- Na estratexia e estrutura organizativa.



Facemos visibles os factores que inflúen en que as persoas participen socialmente:

- Teorías que tratan de explicar as causas da participación social.
- Factores de influencia sobre a posibilidade ou non da participación, do contexto, da organización e das persoas.



- Factores que inflúen en que a participación sexa estable, organizativos e de implicación persoal.

2. Xeramos condicións



Visualizamos a identificación entre persoas, buscamos o compartido:

- Coñecémonos e recoñecemos necesidades, intereses e expectativas.
- Xeramos unha rede de valor baseada na confianza.
- Melloramos o noso coñecemento sobre a realidade común e onde estamos cada cal.



Aumentamos a conciencia nun proceso de “in-formación” / acción. Analizamos en contexto, a nosa situación e posición para activar a participación:

- Establecendo os obxectivos e estratexias comúns que xorden no proceso, e cuxa análise e posta en marcha dependerá dos métodos escollidos.
- A través dun método participativo.
- A través da educación popular.



Identificamos obxectivos e estratexias comúns innovando nas respostas ás cuestións sociais detectadas:

- Revisando as referencias "de proceso" da participación na entidade.
- Identificando barreiras ante os enfoques participativos.
- Fomentando a innovación coma un elemento do propio proceso.



Traballando pola sustentabilidade:

- Facendo visibles condicións de sustentabilidade ao longo do proceso.

3. Lembramos o papel das organizacións na participación das persoas en risco de pobreza e exclusión



Como organizacións educadoras de valores democráticos:

- Cunha cultura organizativa democrática:
- Que ten en conta os requisitos para o cambio na organización.

Σ • Que traballan en rede para influír nas políticas

A continuación anéxase algunhas fichas resumo de contido.



Ficha .1. Resumo de contido.
Apartado 1. Puntos de partida

ENTENDEMOS O NOSO CONTEXTO E POR QUE É PRECISA A PARTICIPACIÓN SOCIAL

Implicación persoal e participación social son mecanismos interrelacionados, cuxo efecto mellora as posibilidades de autonomía persoal e de integración. O enfoque de xénero e de diversidade deben ser transversais. As entidades sociais teñen coma un dos seus obxectivos estratéxicos, a implicación no fortalecemento da cultura democrática. Calquera actividade pode xerar condicións cara a participación social sempre que se teña presente o obxectivo estratéxico de que as persoas actúen colectivamente no social.

A exclusión supón negar a unha persoa ou a un grupo, o poder para cambiar a realidade. E un proceso de perda de integración ou participación na sociedade. Supón a negación da cidadanía. Inclusión/Exclusión son fenómenos estruturais, vinculados ás relacións, dinámicos, multi- factoriais, multi- dimensionais e susceptibles de tratamento político. Os dereitos sociais están asociados ao benestar, e desenvólvense a través de xeracións, e grazas a unha cidadanía activa.

Participar supón a intervención activa dos suxeitos na construción da súa propia realidade e, unha dinámica de intercambio que xere unha mutua transformación: entre o suxeito e o feito no cal se participa. Pode expresarse de xeitos diversos: participación cidadá, comunitaria, social e política. A Acción Colectiva e o Empoderamento, son inseparables da participación.

A participación amplía a base social das entidades, e fainas ser máis representativas, ao aumentar a lexitimación das súas propostas.

Ficha resumo 1. Puntos de partida

Ficha .2. Resumo de contido.

Apartado 1. Situar a participación coma proceso dende la entidade





Ficha .3. Resumo de contido.

Apartado 1. Facer visibles os factores da participación

**FACEMOS VISIBLES OS FACTORES QUE INFLÚEN EN QUE AS
PERSOAS PARTICIPEN SOCIALMENTE**

Teorías que tratan de explicar as causas da participación social

**Factores de influencia sobre a posibilidade ou non da partici-
pación, do contexto, da organización e das persoas**

**Factores que inflúen en que a participación sexa estable, organi-
zativos e de implicación persoal**

Ficha .4. Resumo de contido.

Apartado 2. Xerando condicións para un proceso de participación





Tab summary 5. *Situating the role of organisations*

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN CITADA

AIEJI. (s.f.). *XVI Congreso Mundial de Educación Social*. Obtido de:
<http://www.educadoressociales05.org/>

Alforja. (1996). *La construcción de la democracia desde la educación popular: su sentido y sus posibilidades*. San José. Costa Rica: Alforja.

Ander-Egg, E. (1983). *Técnicas de investigación social*. Alicante: Humanitas.

Arango, J. (2006). *Derechos Sociales, Ciudadanía e Integración*. En CIDOB, Inmigración y derechos de ciudadanía. Barcelona: Fundación CIDOB coa colaboración da Diputación de Barcelona. Servicio de Políticas de Diversidad y Ciudadanía.

Benedicto, J., & Morán, M. L. (2002). *La construcción de una ciudadanía activa entre los jóvenes*. Madrid: INJUVE-MTAS.

Blanco, M. R. (1996). *El concepto de movimiento social: acción, identidad y sentido*. Última Década. <http://www.redalyc.com/>

Bolívar, A. (2008). *Ciudadanía y competencias básicas*. Sevilla: Fundación ECOEM.

Cabello, J. (2006). *Educación de personas adultas: ¿Productividad inmediata o mediata? Norteando el porvenir*. En Encina, Domínguez, Ávila, & A. coord., *Del dicho al hecho andando ese trecho*. Participación, comunicación y desarrollo comunitario. Palma del Río (Sevilla): UNILCO; Atrapasueños Editorial.

Camps, F. (2000). *Participación comunitaria y gestión alternativa de conflictos*. Cuadernos de Trabajo Social Nº 13 .

Camps, V. (2007). *Educación para la ciudadanía*. Sevilla: Fundación ECOEM.

Castells, M. (2001). *Internet y la Sociedad Red*. Lección inaugural del programa de doctorado sobre la sociedad de la información y el conocimiento.

Chambers, R. (1994). *Paradigm Shifts and the practice of participatory research and development*. Brighton: Institute of Development Studies (IDS). University of Sussex.

Cortina, A. (30 de decembro de 2006). *Educación para una ciudadanía activa*. El País .



Cruz Roja Española. (2008). *Practicas inclusion.org*. Recuperado no 2008, de: <http://practicasinclusion.org//content/view/93/65/>.

De la Riva, F. (2002). *El Tercer Sector visto desde dentro: La renovación de las ONG*. Barcelona: Fundació Esplai.

Donati, P. (2002). *Ciudadanía y sociedad civil: dos paradigmas (ciudadanía lib/lab y ciudadanía societaria)*. REIS N° 98.

Donati, P. (2004). *Nuevas políticas sociales y estado social relacional*. REIS N° 108.

Encina, J. (2006). *Culturas populares y educación de adultos. Análisis desde los discursos: la investigación como praxis social*. En Encina, Domínguez, Ávila, & c. Alcon, Del dicho al hecho, andando ese trecho. Participación, comunicación y desarrollo comunitario. Palma del Río (Sevilla): UNILCO, Atrapasueños Editorial.

Fantova, F. (2006). *Exclusión e inclusión social: una aproximación desde el ámbito de la discapacidad*. Medellín (Colombia).

Fantova, F. (2008). *Sistemas públicos de servicios sociales. Nuevos derechos, nuevas respuestas*. Bilbao: Instituto de Derechos Humanos. Universidad de Deusto.

Ferrer, A. G., & Uzurrún, L. M. (2006). *Las Asociaciones de Inmigrantes en Madrid. Una nota de investigación sobre su grado de integración política*. Revista Española del Tercer Sector N° 4. <http://www.fundacionluisvives.org/rets/4/articulos/14279/partes/2.html>

Fleury, S. (1992). *Estado y Políticas Sociales en América Latina*. México: UAM.

Folia, C. (2005). *Análisis del Tercer Sector de Acción Social. Resumen de talleres diagnósticos*. No publicado. Disponible en www.foliaconsultores.com

Folia, C. (2006). *Retos del Tercer Sector de Acción Social. Madrid: Plataforma de ONGs de Acción Social*. Tamén en: http://www.plataformaongs.org/upload/23/85/Retos_del_Tercer_Sector.pdf.

Freire, P. (1969). *La educación como práctica de la libertad*. Montevideo: Tierra Nueva.

Freire, P. (1993). *Pedagogía de la esperanza*. México: Siglo XXI Editores.

Freire, P. (1993). *Política y Educación*. Madrid: Siglo XXI.

Fundación Luis Vives. (2008). *A Favor de la Inclusión Social 2008*. Recuperado o 2008, de: <http://www.fundacionluisvives.org>: http://www.fundacionluisvives.org/areas/pse/proyectos_europeos/27742/conceptos__pobreza__exclusion_social__vulnerabilidad_e_inclusion_social.html

Fundación Luis Vives. (2007). *Informe de Aprendizajes y Propuestas a Futuro*. Recuperado o 31 de xullo de 2008, de: http://www.fundacionluisvives.org/areas/pse/proyectos_europeos/14566/informe_de_aprendizajes_y_propuestas_de_futuro.html

Funes Rivas, M. J. (1994). *Procesos de socialización y participación comunitaria: estudio de un caso*. Reis: Revista española de investigaciones sociológicas, Nº 67 , 187-206.

Gallach, T. P. (2004). *Cultura de la participación. Intervención Psicosocial*. Vol. 13. Nº 3 , 361-372.

Gamson, W. (1992). *Talking politics*. Cambridge: Cambridge University Press.

Giner, S. (2006). *Los derechos sociales en el ámbito español y el trabajo de las entidades no lucrativas. El Tercer Sector y los Derechos Sociales*. Madrid: Plataforma de ONG de Acción Social. Colección Debates.

HEGOA. (s.f.). *Diccionario de Acción Humanitaria y Cooperación al Desarrollo*. Recuperado no 2008, de: <http://dicc.hegoa.efaber.net/>: <http://dicc.hegoa.efaber.net/>

J.M.Sabucedo, M.Rodríguez-Casal, & C.Fernández. (2001). *Identificación grupal, eficacia y protesta política*. Psicología Política, Nº 23. <http://www.uv.es/garzon/psicologia%20politica/N23-6.pdf> , 85-95.

Klandermans, B. (1994). *La construcción social de la protesta y los campos pluriorganizativos*. En E. LARAÑA, & J. (GUSFIELD, Los nuevos movimientos sociales. De la ideología a la identidad. Madrid: CIS).

Luque, E. (2006). *Capital Social, sostenibilidad y participación deliberativa*. Revista da Escola Galega de Administración Pública vol. 1 nº 2 , 97-108.

Magallón, R. (2006). *Entrevista con Alain Touraine: Sociedad y Globalidad*. CIC Cuadernos de Información y Comunicación vol.11.



Marshall, T. (1992 (1950)). *Citizenship and social class*. En T. Marshall, & T. Bottomore, *Citizenship and social class*. Londres: Pluto Press.

Molins, J. (1998). *La teoría de grupos. Working Papers. Institut de Ciències Polítiques i Socials*. Barcelona, Catalunya .

Navajo Gómez, P. (2002). *Foro virtual síntesis del debate colectivo sobre 'El desafío de las sinergias: El trabajo en red de las ONGs'*; en Fernando de la Riva (2002). Barcelona: Fundació Splai.

Neveu, E. (2002). *Sociología de los movimientos sociales*. Madrid: Editorial Hacer.

Núñez, C. (1992). *Educación popular, movimientos populares y proceso de democratización*. IMDEC (Instituto Mexicano para el Desarrollo Comunitario), México.

Núñez, C. O. (1990). *Investigación participativa y educación popular en América Latina hoy*. IMDEC (Instituto Mexicano para el Desarrollo Comunitario), México. .

Pastor, J. (s/f). *Espacio Alternativo. Obtido de notas sobre democracia e derechos de ciudadanía* na UE: <http://www.espacioalternativo.org/seccions/resistencia/NotasDemocraciaUE-pastor.html>

Pérez de Armiño (Dir.), K. (2000). *Diccionario de Acción Humanitaria y Cooperación al Desarrollo*. Icaria-Hegoa.

Pérez, A. M., & Sobol, B. (2005). *La semántica de la exclusión en el discurso de los medios gráficos*. Obtido de VII Congreso Nacional de Estudios del Trabajo - Asociación Argentina de Especialistas de Estudios del Trabajo.: <http://www.aset.org.ar/congresos/7/12015.pdf>

Prats, J. (2005). *¿Pero, qué es la Gobernanza? Gobernanza*. Revista Internacional para el Desarrollo Humano. Edición 17.

Putman, R. (1994). *Making Democracy Work*. Civic Traditions in Modern Italy. Princeton: Princeton University Press.

REAPN. (2006). *Pequenas experiências. Grandes esperanças!* REAPN.

Renes, V., Lorenzo, F., & Chahin, A. (2007). *Poniendo en práctica la estrategia europea para la Inclusión Social. Del plano europeo al plano local*. Recuperado no 2008, de: www.fundacionluisvives.org/upload/16/16/cuaderno_europeo4.pdf

Rey, J. A. (2007). *La cultura de las organizaciones para el desarrollo: Análisis macro y micro de un conflicto institucional*. Revista Española del Tercer Sector Nº 6. <http://www.fundacionluisvives.org/rets/6/articulos/17552/partes/6.html>.

Román Reyes (Dir). (2004). *Diccionario Crítico de Ciencias Sociales, Pub. Electrónica*. <<http://www.ucm.es/info/eurotheo/diccionario>>. Madrid: Universidad Complutense.

Rowlands, J. (2006). *Poder y empoderamiento*. Development in practice. Volume: 5, Issue: 2.

Sala, A. M. (2006). *Derechos de ciudadanía y estratificación cívica en sociedades de inmigración*. En I. C. (ed.), Una discusión sobre la universalidad de los derechos humanos y la inmigración. Madrid: Dykinson /Universidad Carlos III.

Sobol, B. N. (2005). *Los diversos significados de la exclusión social. Comunicaciones Científicas y Tecnológicas*. UNNE. Corrientes (Argentina).

Social, D. (1998). Monográfico: "Educación y transformación social" nº 110, enero-marzo 1998. Madrid: Documentacion Social. Revista de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada.

Subirats, J. (2002). *La implicación social ante los retos de la exclusión*. Recuperado en xullo de 2008, de: "VII Congreso Internacional del CLAD sobre la Reforma del Estado y de la Administración Pública", Lisboa, Portugal, 8-11 Oct. 2002: <http://unpan1.un.org/intradoc/groups/public/documents/CLAD/clad0044517.pdf>

Touraine, A. (2002). *¿Qué es la democracia?* Buenos Aires: FCE.

Ulzurrun, L. M. (2001). *Participación política y pertenencia a grupos políticos: Los límites de las explicaciones individuales y la necesidad de considerar el contexto político*. REIS Nº 94.

Universidad de México, T. T. (2008). *¿Creación de redes de valor para la conformación de grupos de mujeres para un fin común?* Congreso Internacional Mundodemujeres 2008. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.

Vargas, L. G. (1995). *Técnicas participativas para la educación popular*. Madrid: Ed. Popular.



TÁBOAS E ILUSTRACIÓNS

Táboa 1: Diferentes conceptos que se parecen.	23
Táboa 2. Compoñentes de dereitos e de participación. (Baseado en: Ferrer & Uzurrún, 2006).	24
Táboa 3. A participación coma medio ou coma proceso	26
Táboa 4: Para pensar sobre factores influentes na participación social.	38
Táboa 5: Aspectos que inflúen na participación de persoas e grupos.	40
Táboa 6: Para pensar sobre a sustentabilidade da participación.	42
Táboa 7: Cinco etapas para xerar redes de valor entre persoas.	45
Táboa 8. Características dos enfoques participativos máis coñecidos.	54
Táboa 9. Barreiras aos procesos de participación.	62
Táboa 10: Para pensar: sobre a innovación dos procesos.. . . .	63
Táboa 11: Para pensar: sobre a sustentabilidade dos procesos.	67
Táboa 12. Algúns requisitos para o cambio na organización	73
Ilustración 1. Mecanismos da intervención social.. . . .	7
Ilustración 2. Fases e contido da Guía	8
Ilustración 3. Recoñecer un enfoque de diversidade	9
Ilustración 4: Problemática da exclusión	14
Ilustración 5. Conceptos clave en participación	16

Ilustración 6. Connotacións do concepto de participación	20
Ilustración 7. Acción colectiva e empoderamento.	22
Ilustración 8: Como nomeamos á xente?	27
Ilustración 9. Recoñecer ás persoas coma axentes de transformación social	28
Ilustración 10. Os públicos dunha organización	29
Ilustración 11. Un exemplo de diferentes espazos de participación nunha organización .	31
Ilustración 12. Algunhas teorías sobre a participación das persoas.	33
Ilustración 13. Etapas dunha rede de valor.	45
Ilustración 14. A participación coma proceso. Baseado en Robert Chambers 1994. . .	60
Ilustración 15. Implicacións do traballo en rede	74
 Ficha resumo 1. Puntos de partida	 79
Ficha resumo 2. Situar a participación coma proceso dende a entidade	80
Ficha resumo 3. Facemos visibles factores de participación	81
Ficha resumo 4. Proceso para xerar condicións	82
Ficha resumen 5. Situando o papel das organizacións.	83



EUROPEAN ANTI POVERTY NETWORK **ES**

EAPN ESPAÑA
C/ Ahijones, s/n
28018 Madrid
Telephone/Fax: +34 91 786 04 11
www.eapn.es

With the collaboration of:



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN,
POLÍTICA SOCIAL Y DEPORTE

POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL